

F. Fernández Rei (2004): “Gheada e seseo no galego coloquial e no galego estándar dos anos 90. Notas sobre a súa presenza nos media e nos textos musicais”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 2, 307-336.

---



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

## GHEADA E SESEO NO GALEGO COLOQUIAL E NO GALEGO ESTÁNDAR DOS ANOS 90. NOTAS SOBRE A SÚA PRESENCIA NOS MEDIA E NOS TEXTOS MUSICAIS

*Francisco Fernández Rei*

Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela

*A Brais, a Irimia e a Carme*

A gheada, que consiste na pronuncia do *g* como unha aspirada, maioritariamente farin-gal, é un fenómeno de variación na norma do galego. Trátase dunha innovación xerada no propio galego moi probablemente nos Séculos Escuros (de aí que non exista en portugués) ó amplía-lo fonema oclusivo velar sonoro /*g*/ o seu campo de dispersión dentro do proceso xeral de simplificación das xeminadas latinas, sonorización das oclusivas xordas intervocálicas e fricativización e relaxación das oclusivas sonoras<sup>1</sup>.

O seseo, que consiste na ausencia do fonema non sibilante fricativo apicodental xordo /*θ*/ (ou interdental xordo de carácter ciceante) e a presenza no seu lugar dunha sibilante fricativa apicoalveolar [ʃ] (o *s* apical) ou ben lámino-alveolar [s] (o *s* predorsal), é sen embargo un fenómeno de variación no sistema, con perda dun fonema<sup>2</sup>.

A gheada de sempre foi desprezada e atacada por case tódolos gramáticos, lexicógrafos e outros estudiosos (Fernández Rei 1990: 177-181), á vez que ignorada polos escritores, por aceptaren un criterio desgaleguizante ó teren para o galego como modelo de lingua o castelán, tal como moi atinadamente sinalara hai anos Alonso Montero (1969: 41):

“Os escritores –prácticamente todos– que rexeitan a ‘geada’ e o seseo no fondo aceptan un criterio idiomático desgaleguizante. Eles creen fuxir só da rudeza e resulta que

<sup>1</sup> Unha síntese das teorías sobre a orixe da gheada pode verse en Fernández Rei (1990: 181-188).

<sup>2</sup> Sincronicamente pode parecer que o seseante perdeu o fonema /*θ*/ cando diacronicamente non hai tal, pois se hai seseo é pola neutralización dun fonema ápico-alveolar /*ʃ*/ e dun fonema lámino-alveolar /*s*/.

tamén fuxen do galego (...) Todos nós temos rexeitado, casi sistemáticamente, o seseo e máila ‘geada’ por un criterio, coido eu, castelanizante, ó fin i ó cabo, un criterio antigaleguista, ou seña antipopulista (...) A ‘geada’ (‘jato’ por ‘gato’) ocupa unha vasta zona de Galicia na que adeprenderon a falar poetas tan decisivos prá constituición do galego literario como Rosalía, Curros, Pondal e Lamas Carvajal. Mais ningún deles a admitiu na súa obra escrita. O rasgo síntese como vulgar pero este sentimento recalco, está feito desde o castelán.”

A gheada ocupou –e segue a ocupar– unha grande extensión do territorio lingüístico galego, no que aprenderon a falar as tres grandes coroas do séc. XIX (Rosalía, Curros e Pondal) e grandes figuras do século XX (Cabanillas, Castelao e Manuel Antonio), todos eles fundamentais no proceso de elaboración do galego moderno; pero ningún destes autores marcou graficamente a gheada na súa obra escrita. Distinta foi a consideración que os escritores tiveron para o seseo, comezando pola propia Rosalía, onde é máis frecuente o explosivo ou prenuclear (*cabesa*) có implosivo ou posnuclear (*des*), aínda que en escritores posteriores, de aparecer, é fundamentalmente o implosivo o que se rexistra (Fernández Rei 1990: 200-210).

Na normativa ortográfica vixente contéplase para o grafema <g> unha pronuncia gheadófona alternativa, de igual xeito que se propón para os grafemas <c> ante *e*, *i* e <ç> unha alternativa seseante (ILG-RAG 1995: 13-14); pero a non presenza da gheada e do seseo en usos formalizados fai que recúen xeracionalmente, sobre todo na xente nova galegófona e que, en xeral, non aparezan en neofalantes que tiveron o castelán como lingua inicial. Pero que non estean no estándar, que socialmente teñan moi escasa consideración, especialmente a gheada, iso non quere dicir que non se rexistren en usos formais, aínda que sexa algo moi esporádico e asistemático.

No meu relatorio farei en primeiro lugar unhas consideracións xerais sobre a xeografía, o uso xeracional e a vitalidade deses fenómenos, baseándome fundamentalmente en material do Arquivo do Galego Oral do ILG correspondente ós anos 90. A seguir analizaré a presenza da gheada e do seseo na literatura, nos medios de comunicación de ámbito galego e local e na música pop e folk<sup>3</sup>. Prestarei maior atención á gheada, porque a súa xeografía e a súa importancia como marcador sociolingüístico é moi superior á do seseo e á de calquera outro fenómeno lingüístico do galego. A gheada aínda ten en 1996 fortes connotacións de vulgarismo e de ruralismo, que o seseo non ten, sobre todo para os neofalantes e para galegofalantes urbanos que teñen como modelo (in)directo o castelán.

Cando pensei no título e posible desenvolvemento deste relatorio a miña intención era centrarme no uso xeracional da gheada e do seseo no galego oral espontáneo, espe-

<sup>3</sup> O material literario, musical e dos media corresponde ó período 1990-96, aínda que nalgún caso analicei a produción anterior a esta década para contrasta-lo uso da gheada e seseo dos 90 coa(s) década(s) precedentes. No caso da produción musical á hora de corrección de probas tiven en conta material de interese dos anos 1997 e 1998, pero este material figura sempre en nota e non no texto presentado en 1996.

cialmente na xente nova, e contrastalo con usos formais na literatura, nos media e na música actual. Coidaba que este material para confrontar era moi escaso; pero á vista de que o corpus obtido non era tan escaso considerei que sería moito máis interesante e máis novidoso centrarme máis nos media e na música ca no galego oral espontáneo<sup>4</sup>.

## 1. VITALIDADE DA GHEADA E DO SESEO

O material cartografado do *ALGa* (*Atlas Lingüístico Galego*), recollido hai uns vinte anos, permite ver que a gheada se rexistraba en áreas compactas das dúas provincias atlánticas e na metade suroccidental de Ourense. En Lugo rexistrábase nunha franxa próxima ás provincias da Coruña e de Pontevedra, así como en puntos da Terra Cha e do sudoeste da provincia, non existindo constancia da súa presenza na zona centrooriental, agás en puntos das terras de Cervantes, de Pedrafita e das Nogais. Tampouco se ten rexistrado nos concellos de Asturias e de Zamora de fala galega, mentres que en León se rexistrou nos Ancares e de xeito moi esporádico no concello berciano de Corullón<sup>5</sup>.

A realización maioritaria da gheada nos anos 70 era unha aspirada faringal xorda [h], que mesmo se rexistraba no canto de [x] en castelanismos, especialmente en xente maior. Non obstante nas vilas, especialmente da costa, a realización era fricativa velar xorda, mesmo en xente maior. No grupo *-ng-* medial de palabra o [g] podía conservarse (*domingo, ningún*) ou ben enxordecer [k] (*dominco, ninquén*), á vez que nalgúns puntos se rexistraba a gheada (*domingho, ninghén*).

Polo que respecta ó seseo, segundo o material do *ALGa* o explosivo ou prenuclear (*faser, sento*) rexistrábase nas falas da metade occidental da Coruña e nas máis próximas á costa en Pontevedra, con áreas de realización lámino-alveolar (ou predorsal) e apicoalveolar (ou apical). Nas zonas da Coruña de seseo predorsal hai vinte anos podía constatar-se que nalgúns vilas costeiras o seseo tiña realización apical (Camariñas e Rianxo, por ex.), mentres que nas parroquias do rural veciñas o seseo era predorsal (Camelle no concello de Camariñas, Taragoña ou Asados no de Rianxo). E esa oposición seseo apical (vilego e mariñeiro) fronte a predorsal (rural e labrego) en boa parte segue existindo hoxe.

Na provincia de Pontevedra o seseo nos anos 70 anos rexistrábase en puntos próximos á costa, caracterizando moitas veces os falares mariñeiros fronte ós non mariñeiros veciños, como ben se apreciaba (e aínda se aprecia) en concellos do Salnés. O caso máis

<sup>4</sup> No congreso léronse tres relatorios sobre a situación sociolingüística da gheada en tres concellos. Véxase no vol. IV das actas os traballos de R. Baleirón Sónora *Gheada e seseo na comarca de Padrón*, de M<sup>a</sup> C. García Rodríguez *Estudio lingüístico e sociolingüístico da gheada non concello de Rianxo* e de F. X. Pérez Álvarez *O rotacismo e a gheada no concello de Vilardevós*.

<sup>5</sup> Para a xeografía da gheada en Lugo e no galego oriental cf. Fernández Rei (1990: 167-177).

claro era —e segue a selo— o do concello do Grove, onde a parroquia de San Martiño (mariñeira) tiña seseo explosivo con realización apical, mentres que carecía del a parroquia de San Vicente do Mar (labrega), onde si se rexistraba o seseo implosivo ou posnuclear (*des, lus*), que tamén se documentaba na maior parte das dúas provincias atlánticas<sup>6</sup>.

A audición de centos de horas de gravacións dos anos 90 do Arquivo do Galego Oral do ILG permíteme afirmar que actualmente, en liñas xerais, a xeografía de ámbolos fenómenos, especialmente no que atinxe á gheada, non variou moito respecto dos anos 70, pero si considerablemente o uso xeracional e de xeito especial na xente nova que moi raramente escoita eses fenómenos na escola ou nos media. A práctica ausencia de gheada en usos formais fai que haxa xente nova de ambiente gheadófono, especialmente estudante, que non a use, como se aprecia nunha gravación de 1995 feita no lugar de Vilasuso (na parroquia de Villantime en Arzúa), onde interveñen nunha conversa un neto (estudiante universitario de 19 anos) e a súa avoa (de 73 anos). Esta usa sempre a gheada mentres que o neto non o fai nunca.

En xeral a vitalidade da gheada e do seseo segue sendo grande, pero a nivel xeracional si hai diferencias moi salientables tanto no uso como na realización respecto dos anos 70. Mostra disto son os resultados dunha investigación realizada por Míguez Iglesias (1996) en Viceso (parroquia do concello coruñés de Brión), a partir de textos orais do devandito Arquivo do Galego Oral realizadas a finais de 1993 e comezos de 1994, onde se analiza a variabilidade xeracional da gheada e do seseo. De 37 informantes de máis de 30 anos, a maioría emprega sistematicamente gheada aspirada (agás no grupo *-ng- > -nc-*) e só catro informantes non son gheadófonos, aínda que dous destes usan esporadicamente formas con gheada con realización fricativa velar [x] maioritariamente. Nun grupo de 23 informantes menores de 30 anos, oito empregan sistematicamente gheada aspirada fronte a outros oito que non a usan nunca e a sete que o fan ás veces (en seis informantes a porcentaxe de uso supera o 50% dos exemplos) con realización maioritariamente aspirada (Míguez Iglesias 1996: 46-51).

Polo que respecta ó seseo, 24 dos 37 informantes de Viceso-Brión de máis de 30 anos son seseantes, mentres que nos outros 11 informantes non seseantes soamente en 6 deles se rexistran algúns vocábulos con seseo. A realización lámino-alveolar (o seseo tradicionalmente denominado predorsal) é a maioritaria, pois documéntase en 15 dos informantes. Nesta franxa de idade o seseo implosivo ten maior uso có explosivo, como o proba o feito de que unha forma como *des* sexa xeral, mesmo en falantes que din *dezaseis* ou *dezasete*. Polo que respecta á poboación de Viceso-Brión menor de 30 anos, practicamente desapareceu o seseo, o que non ocorre coa gheada: só dous informantes manteñen o seseo nun 70%, mentres que os demais só algúns usan algunha palabra con seseo. Neste grupo de idade a realización sempre é apical (Míguez Iglesias 1996: 41-44).

<sup>6</sup> Para a xeografía do seseo explosivo e implosivo nos anos 70 cf. Fernández Rei (1990: 190-197) e González González (1991).

Verbo da realización actual, en moitos puntos de gheada aspirada faringal a xente nova, cando usa gheada, tende a realiza-lo /g/ como fricativa velar [x], polo que as realizacións aspiradas van desaparecendo. Nas áreas de seseo predorsal a xente nova seseante tende a unha realización apical. E nos medios urbanos a xente neofalante realiza a gheada como fricativa velar [x] e o seseo como fricativa apicoalveolar [s̺]<sup>7</sup>. A influencia do castelán parece clara nestas novas realización da gheada e do seseo que, como antes se dixo, se rexistran mesmo en xente maior de vilas costeiras.

## 2. GHEADA E SESEO NA LITERATURA

Na literatura dos últimos anos hai algunha mostra cando os autores tratan de reflectir dalgún xeito a oralidade dalgunhas zonas usando os dous fenómenos, como fan Reixa e Cid Cabido. En *Salvamento e socorrismo* (1985)<sup>8</sup> de Reixa hai textos onde é xeral o uso de gheada e seseo coma no texto “O remedio máis jrande máis jrande máis jrande eh” (p. 50), pero noutros textos non é sistemática a presenza deses fenómenos, como se ve nestes versos do poema “O boca a boca posición da vítima deitada” (p. 51)

aquel ásido é o que lle fai falta para a estruja  
 guerra convencional as granadas onda expansiva  
 persoas esmagadas estalido de certos órganos  
 (...)  
 darlle unha boa rosiasión dela ensima do esjinse  
 casos reais accidente de muller en moto sen casco  
 sentá beira da estrada lévenme á casa de meus pais  
 un pouco de sangue pola orella.

En *Viva Galicia Beibe* (1994) de Reixa, que contén textos de cancións escritas desde o ano 1982, hai mostras esporádicas dos dous fenómenos, especialmente da gheada, que se analizarán máis adiante. Ademais, na introducción do libro hai algúns exemplos, que ás veces son formas que fan referencia a palabras dos textos<sup>9</sup>.

<sup>7</sup> En Rianxo, por ex., a realización aspirada da gheada, segundo información que me forneceu Carme García, caracterizaba a xente das aldeas fronte á da vila, pero hoxe está a ser substituída pola realización velar. Por outra parte, a realización apical do seseo estende o seu dominio, polo que nas parroquias que antes só tiñan seseo predorsal ou lámino-alveolar agora teñen falantes con seseo apical.

<sup>8</sup> A. R. Reixa: *Salvamento e socorrismo* en *Historias do rock and roll*. Santiago de Compostela: Universidade, 1985, 46-59. Nos textos de “Cemiterio de Coches-epopeia” contidas na mesma obra hai só algunha mostra (*verjonsa*, p. 24; *posición*, *resibir*, p. 37).

<sup>9</sup> É o caso de *jichiños* (p. 17) e *jicho* (p. 36), *jafas* (pp. 18 e 35), *ajabeaban* (p. 35 con 2 rexistros) e *jichotas* (p. 129). Os exemplos son dos textos en prosa de Antón Reixa: *Viva Galicia Beibe*. Santiago de Compostela: Positivas, 1994.

En diálogos do relato breve *Pataghorobí* (1990) de Cid Cabido<sup>10</sup> hai gheada e seseo:

- ¿Ai, si? ¿E logho de que me coñeses ti a min, rapás?
- Pois non estou seguro, pero hai por aí vinte anos vivín perto da Espedrigada. E non sei por que, recórdasme ó fillo de Patajorobí.
- ¡Carallo, que apunteria! Pois eu sonche fillo, si, son fillo dela. Pero levo moitos anos fóra e non me pareses cara coñesida ti” (p. 142).

Borrazás<sup>11</sup> usa seseo nun dos diálogos de *Cabeza de chorlito* (1991) para caracterizalo falar dunha vendedora de polbo, tal como se aprecia neste fragmento:

- Outra rasionaña, ¿non si? ¿Está bo? (...)
- Milsento cincuenta... Pero dille a elas que rañen os bolsos, ¿ouh! Que por moito homiño que sexas... ¿Cal é a túa mosa?
- A vostede, ¿cal lle parece?– pregunta Andrés, sorrindo.
- Non rías, que a señora Amelia coñese os amores nos ollos coma ninguén... e a rapasiña co pelo collido anda namorada, ¿ou non?
- Ogallá –rosma Andrés, sincerado polas cuncas de branco (pp. 148-149).

Se a polbeira fose de Arcos do Carballiño, parroquia de onde proceden a maioría das polbeiras que percorren as feiras e romarías galegas, tería gheada pero non seseo; e de a polbeira ser, por ex., de Pontecesures, tería os dous fenómenos. Non hai no galego oral espontáneo quen use seseo sen gheada, o que non quere dicir que un autor caracterice un personaxe con independencia do que a repartición dialectal, mais aínda cando nada impide que o grafema <g> se poida ler cunha das realizacións da gheada.

No relato “A lingua das bolboretas” do libro *¿Que me queres, amor?* (1995) Manolo Rivas<sup>12</sup> fai referencia á propia gheada e á “cruzada” nas escolas para erradicala para evitar que os nenos usasen un castelán con gheadas:

O meu pai contaba como un tormento, como se lle arrincara as amígdalas coa man, a maneira en que o mestre lles arrincaba a gheada da fala para que non dixeran aghua nin gható nin ghracias. ‘Todas as mañás tiñamos que dicir a frase *Los pájaros de Guadalajara tienen la garganta llena de trigo*. ¡Moitos paos levamos por culpa de Guadalagara” (p. 22).

No mesmo relato áchase algún outro exemplo de gheada, como en “Cagho en Deus, cagho no Demo” (p. 27) e noutro relato aparece *ghichos* (p. 63) no canto de “tipos, individuos”, que tamén se rexistra en textos dos 90 doutros autores. Así, *ghichiños* en Angueira e *ghicho* en Ballesteros<sup>13</sup>, *jicho* en Souto<sup>14</sup>.

<sup>10</sup> Tamén hai gheada en *aghora* (p. 143) na frase “vent’aghora mirmo”, que segundo o autor acabou transformándose en *Pataghorobí* e mais en *gicha* (p. 143) por “moza, muller”. Cito polo texto publicado no volume colectivo *Unha liña no ceo. 58 narradores galegos 1979-1996*, coordinado polo propio Xosé Cid Cabido e editado por Xerais en 1996.

<sup>11</sup> Xurxo Borrazás: *Cabeza de chorlito*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 1991.

<sup>12</sup> O relato está incluído en Manuel Rivas: *¿Que me queres, amor?* Vigo: Xerais, 1995.

<sup>13</sup> Anxo Angueira no relato “Redondela” (1996) usa *ghichiños* (p. 53) e *ghebiños* (p. 61), esta a partir do inglés *heavy*. A forma *ghicho* (p. 72) de Xosé Ballesteros corresponde ó relato “A raia de xiz” (1990). As pp. corresponden os textos publicados en *Unha liña no ceo. 58 narradores galegos 1979-1996* citado na nota 11.

No disco compacto *O pobo da noite* (1996) no que o propio Manolo Rivas<sup>15</sup> recita poemas da escolma do mesmo título hai algún caso de gheada, como no poema “Televisión” na p. 105 (*chegaba* no verso 1 e *fregar* nos versos 7 e 15 onde o *g* é realizado como [x], pero *algo* no verso 12 sen gheada). E o mesmo en “Unha nación” na p. 157 (*xogador* [x] no verso 3, pero *fogueira*, *vagabundo* /x/ no verso 9) e en “Fonema” na p. 135 (*Los pajaros de Juadalagara tienen la jarjanta / llena de trijo*, versos 8-9). Hai seseo implorivo en *luz* de “O pan negro” (p. 49).

Tamén hai gheada na forma *maraghotá* do poema “Barcarola” do grupo Ronseltz<sup>16</sup>:

Que hai mariñeiro no fondo da alma?  
Que levas nos ollos espello do mar?  
– Maraghotá! (p. 49)

Curiosamente é na obra do escritor mexicano Leonardo da Jandra<sup>17</sup>, con raíces na Ría da Arousa, onde máis rexistros existen dos dous fenómenos, pois sistematicamente o autor usa gheada e seseo nos capítulos pares da súa obra *Arousiada* (1995), escritos orixinariamente en galego e presentados con tradución española. O autor trata de reflecti-lo galego coloquial da ría, coas expresións populares e os dialectalismos:

“O día sijiente disculpeime ca muller e dinlle as jrasias. Ajarrín o Longines de ouro que levaba na muñeca e quixenllo dar, pero ela nejouxe e díxome que si eu quería, alí tiña un luar. Era unha muller xa feita, moi jopa e cun andar deses que teñen as mulleres do sine, moi limpa e moi perfumada. ¡Eu non sei como non mandín todo ó carallo e me quedín con ela! Pola tarde fun a recoller as miñas cousas ca nai de Estrella e xa non quixen falar de nada. Funme á estación do tren e marcheime para a Puebla” (p. 292).

### 3. GHEADA E SESEO NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Tanto nos medios de comunicación de ámbito galego como nos comarcais e locais a ausencia da gheada e do seseo é xeral nos traballadores deses medios cando están na pantalla televisiva ou ante o micrófono no caso da radio, aínda que si pode escoitarse en

<sup>14</sup> Xurxo Souto usa *jicho* (p.68) en *A tralla e a arrouxada*. Vigo: Xerais, 1995

<sup>15</sup> Manuel Rivas: *O pobo da noite. Antoloxía poética* + CD *O pobo da noite* con música de César C. Morán. Vigo: Xerais, 1996. Os exemplos están tirados do texto da antoloxía. A cursiva é miña, agás os versos de “Fonema”.

<sup>16</sup> Ronseltz: *Unicornio de cenorias que cabalgan os sábados*. Santiago de Compostela: Positivas, 1994.

<sup>17</sup> Leonardo Da Jandra: *Arousiada. I. La voluntad generadora*. México: Joaquín Ortiz, 1995. O seseo márcase con *s* (*estasión*), a gheada con *j* (*ajarrín*) e con *c* (*nincún* p. 72) ou *qu* (*nincún* p. 72) o enordecemento no grupo *ng*. No final da advertencia preliminar da obra, o autor di que preferiu “el uso de la *j* a la *gh*, por considerar la simplicidad de la primera más acorde al temperamento lingüístico de la ría”. Estase referindo sen dúbida á pronuncia da gheada como fricativa velar (e non como aspirada) característica das vilas das dúas beiras da Ría da Arousa.

xente entrevistada en radio e TV cando falan unha lingua espontánea. Evítase sistematicamente mesmo nos medios locais, onde os locutores ás veces empregan espontaneamente dialectalismos que non están connotados, como formas tipo *mañán* ou *canciós* e pronome *che* por *te*.

### 3.1. Medios audiovisuais: a Radio Galega e a TVG

Nos medios audiovisuais de ámbito galego o uso que se fai –e que se ten feito– da gheada e do seseo é totalmente anecdótico. No período 1989-92 no programa *Fiadeiro* (de luns a venres) da Radio Galega, primeiro na media noite e logo trasladado á tarde, o xornalista e actor Carlos Blanco interpretaba a un velliño de Vilagarcía da Arousa, o Sr. Paco<sup>18</sup>, que moi amablemente lles servía cafés con gheada fricativa velar e seseo apical –que son as realizacións en Vilagarcía da Arousa de onde é Carlos Blanco– ós invitados ó programa.

Este vello camareiro –que tiña moito mundo nas costas e retranca de máis– tivo que ir servir cafés coas súas gheadas e seseos, desde setembro de 1993 a mediados de 1995, a un programa en Antena-3 Radio dirixido por Antón Reixa, con protestas de bastantes oíntes, polo que Reixa convidou a un dos programas a quen agora lles le este relatorio para falar sobre a propia gheada, se era ou non fenómeno propio do galego ou ben algo rexeitable por castelanismo.

Na emisora Radio Coruña da Cadea Ser, desde o ano 1992 ata a actualidade<sup>19</sup>, tódolos sábados pola mañá Xurxo Souto, líder do grupo musical Diplomáticos de Monte-Alto, é responsable do programa *A tropa da tralla*, onde Souto emprega un galego con esporádicas gheadas.

En entrevista feita en 1993 por Kabatek (1996: 255-256) a unha persoa de 30 anos, de Noia, que traballa na Radio Galega, esta manifestaba usar en ámbitos informais un galego con gheada e o seseo, pero non diante dun micrófono á hora de presentar un programa, a non ser en circunstancias especiais ou nun programa máis cotián que permita o uso deses fenómenos:

“A: [...] si fago diferencia ó falar nun medio público diante do micrófono falo só o/ o galego digamos ‘normativo’ procuro falar máis normativo .. falando cos amigos ou na rÚa ... xa falo un galego máis da miña zona ... que mesmo ten ‘gheada’ e ‘seseo’ e mesmo pois cos amigos da/ da miña zona da miña vila ... pois mesmo utilizo ‘gheada’ e ‘seseo’.

F: E aquí na radio non falas con ‘gheada’

A: Eh non. cando presento programas e tal non/ non utilizo ‘gheada’ e ‘seseo’ a non ser ... que sexa nunhas circunstancias mui especiais ou que sexa un programa un pouco especial así máis/ máis cotián e máis/ que permita o uso da ‘gheada’ e do ‘seseo’ pero...

<sup>18</sup> Desde febreiro de 1997 emítese na TVG o programa *Con perdón* no que intervén Carlos Blanco, usando gheada e seseo, co personaxe do Sr. Paco co que ten actuado en diversas vilas galegas.

<sup>19</sup> O programa aínda se emitía en 1998, segundo información que me forneceu Xurxo Souto.

F: ¿Non che pode saír así de vez en cando?

A: Sáeseme si ... si pero n/ non sei dicir se existe un resorte ou algo que ó poñerte diante dun micro xa controlas ... bastante máis ¿non? entonces hai como un resorte en que xa ... mh/ prescIndes da ‘gheada’ e do ‘seseo’

Disposición favorable cara ó uso da gheada na TV manifestáballe noutra entrevista a Kabatek (1996: 296-297) unha persoa da TVG, que di usala familiarmente pero non diante da pantalla, á vez que considera que no medio ninguén fala con gheada:

“F: (...) ¿que che parecería se aquí na tele se falase con ‘gheada’?”

A: Eu creo que non hai ningún na tele que fale con ‘gheada’ <lacht>

F: ¿E se o houbera?

A: Pois pareceríame ben o que pasa é que ... eu por exemplo tiña ‘gheada’ que fun perdendo, ¿non? pouco a pouco ... en cacheiras en xeral foise perdendo ... tanto a ‘gheada’ como o ‘seseo’

F: E xa non tes ‘gheada’

A: Teño en/ en algunhas palabras si.

F: Cando dis por exemplo ‘ghAto’

A: Haino .. non podo dicir/ non me sale por exemplo dicir ‘galiña’ ... na casa sempre decindo ‘ghaliña’, ‘aghulla’ e ‘ghato’ ou sea Esas son/

F: Son formas xa lexicalizadas

A: Si, .. pero aquí, n/ no micro non as digo.

E noutra entrevista, neste caso a unha persoa que estudia 4º de Fil. Galego-Portuguesa en Santiago, á pregunta de como reaccionaría de se nunha serie americana todos falasen con gheada e seseo, dáse a seguinte resposta (Kabatek 1996:363):

É que en principio seguramente me sona un pouco raro mh s/ ... ó mellor para moitas personas un pouco brusco un pouco rústico ¿non? pero todo é acostumbrarse ... despois de que un se acostumbra, ... que máis dá. ... se/ se non che sona raro oír/oírle ós teus veciños porque te/ten que sonar raro oílo na televisión.

Algún intento de introduci-la gheada e o seseo nas dobraxes da TVG foron, a meu ver, totalmente desafortunados polas connotacións negativas dos personaxes que empregaban eses fenómenos. Non podo da-la referencia exacta, pero lembro algunha película onde eran persoas de raza negra as que falaban con gheada; e tamén lembro da serie dos Ropper algún capítulo onde era gheadófono o fillo dun matrimonio veciño dos Ropper que fixera amizade con nenos de baixa clase social, polo que o seu inglés empezou a afearse e deformarse. Os dobradores fixeron que ese neno falase con gheada para marcar deste xeito o proceso de embrutecemento persoal e lingüístico do neno.

Ben diferente é o uso da gheada e do seseo en cancións do programa do *Xabarín Club* da TVG, que está a facer que en zona de non gheada (ou onde só se rexistra esporadicamente nalgúnhas palabras en xente maior) haxa nenos que hoxe a usen, por imitación do *Xabarín* (teño constancia disto no concello ourensán de Amoeiro) e en zonas onde a hai no rural (pero non na vila) hai xente nova que empeza a usala, e cun certo

orgullo, como parece ser que ocorre na zona de Vilalba. Poida que a algúns isto lle parezan simples anécdotas sen valor ningún; e efectivamente, nestes momentos son anécdotas. Se todos estamos de acordo no papel positivo da existencia dunha TV en galego creo que ninguén debéra infravaloralo papel do *Xabarán*, neste caso concreto como medio para “mostrar” (e axudar a dignificar) a propia lingua galega e con ela fenómenos tan de noso como a gheada e o seseo. De cando en vez milleiros de nenos galegos socios do Xabarán Club escoitan cantares en galego con gheada (e seseo) a diversos grupos, ademais de veren escrito un galego con eses fenómenos na letra da TV<sup>20</sup>.

### 3.2. Prensa de ámbito galego

Polo que respecta ós medios escritos, en principio, non ten por que utilizarse unha grafía especial para marcar ámbolos fenómenos, como tampouco é necesaria nos textos literarios, xa que como dixen antes o grafema <g> ten unha pronuncia alternante gheadófono e os grafemas <z> e <c> seguido de *e*, *i* poden lerse con pronuncia seseante. Con todo, ás veces úsase conscientemente o dígrafo <gh> (mesmo o grafema <j>) ou o grafema <s> para representar eses fenómenos.

Buscar gheadas e seseos na prensa en galego é un labor bastante detectivesco, polo insólito da súa presenza. Así e todo, como lector habitual do semanario *A Nosa Terra* e dos xornais *La Voz de Galicia* e *O Correo Galego*<sup>21</sup> nun seguimento que fixen desde febreiro ó mes de agosto do presente ano 1996 achei mostras relativas a estes fenómenos, especialmente da gheada, cos que se poden facer estes agrupamentos:

#### 3.2.1. A gheada e a súa consideración social

Cando se publicou o vol. 12 de *Cadernos de lingua* que contiña, entre outros, o artigo de Recalde (1995) sobre actitudes e prexuízos verbo da gheada, este fenómeno foi en varias ocasións noticia de prensa. Así, *O Correo Galego* (28.02.96) falaba da gheada na primeira plana, indicando que “A gheada segue a ser mal vista pola maioría da mocidade galega, que a percibe como un síntoma de incultura”, para logo trata-las conclusións do traballo na sección de cultura, na noticia titulada “A mocidade galega considera a gheada un signo de incultura” (p. 10).

Días máis tarde, despois de presentarse a revista na sede da RAG, *La Voz de Galicia* na sección de sociedade e cultura facía un amplo resumo dese artigo baixo o titular “La mayoría de personas que no hablan gallego rechazan la ‘geada’ como algo ‘bruto” (7.03.96, p. 6), onde se salientaba a negativa consideración social do fenómeno por parte dos castelán falantes. Pola súa parte *O Correo Galego*, na sección de cultura do mesmo día, daba noticia da presentación da revista co titular “Os estudiantes desprecian os que falan con gheada. Os consultados nunca contratarían un locutor que a usase”

<sup>20</sup> Cando se presentou en Vigo o segundo dobre CD do programa informouse que naquel momento (14 de decembro de 1996) había 66.000 nenos socios do club, deles 8.000 en Vigo.

<sup>21</sup> Incluíu tamén información doutras publicacións galegas que de xeito casual chegaron ás miñas mans.

(7.03.96, p. 43). E días despois, tamén en *O Correo Galego* Abuín de Tembra trataba o fenómeno no artigo “Eloxio da gheada” (17.03.96, p. 2).

Meses antes en *A Nosa Terra* no artigo etnográfico titulado “Un pinche de ghaleses” (nº 752 de 14.11.96, p. 28), onde se analizaba a substitución do tradicional pinche das casas da beiramar que exteriormente se cubría coa parte plana nacarada para fóra das cunchas da vieira, que se denominan *ghaleses* en puntos do Barbanza (e *testos* en Cambadós), o autor facía unha referencia á desaparición da gheada pola súa desconsideración social por parte dos falantes<sup>22</sup>:

Teño para min que pasa cos ghaleses e coas vellas casas mariñeiras o mesmo que coa gheada, que se mantén mentres non se ten que comparar con algo foráneo e, igual que nos avergoñamos cando nos sae un ‘ghato’ ao falar e tendemos a dicir ‘salao’ e ‘idiotizao’ como se fose a pronunciación máis culta; tamén construímos pensando nas boas vistas do verán e esquecendo que aquí o inverno dura nove meses ou máis.

Arremedar o alleo, ou o que é peor, renunciar ao propio, fainos ter casas húmidas e insalubres, ou un vocabulario de tateos que vai rectificandoo constantemente, palabra a palabra, para risa de oíntes e vergoña de falantes.

Algunha vergoña debería pasar tamén aquela pesca que un día se acercou a un grupo de veraneantes, que saían dun coche con matrícula de Madrid para o ofrecerlle o que levaba:

–Señores, quieren maragüetas?<sup>23</sup>.

### 3.2.2. Gheada, seseo e “arroutada bravú”

A presentación do disco *¡¡Está que te cajas!!* dos Herdeiros da Crus, que usan, en certo modo, o galego popular da Ría da Arousa con gheada e seseo, fixo que a mediados de marzo de 1996 en diferentes xornais se fixese referencia a eses fenómenos fonéticos, como se ve en *El Faro de Vigo* “Seso (*sic*), gheada y ... churras, churras” (16.03.96) nas páxinas de sociedade, e o mesmo en *El Correo Gallego*, que o día anterior na sección de cultura daba a noticia co titular “Herdeiros da Crus presenta en Vigo o seu novo disco, ‘Está que te cajas’” (15.03.96, p. 13)<sup>24</sup>.

En *La Voz de Galicia* (9.3.96, p. 43 da edición de Santiago) nunha entrevista ós membros do grupo (“Herdeiros da Crus: ‘As nosas inimigas non son as mulleres, son

<sup>22</sup> O fenómeno da gheada aparece amplamente tratado no nº 819 de *A Nosa Terra* (26.2.98, pp. 32-33) no artigo de Xosé Ramón Freixeiro Mato “A gheada: sobre a súa orixe e má reputación”, onde o autor trata de explica-la orixe do fenómeno por interferencia do español.

<sup>23</sup> As *maragüetas* son as *maraghotas* que un pode ver nunha lonxa ou nunha praza da costa e oír chamar con gheada. A forma ten gheada en tódolos portos de fala galega, agás no de Cangas de Foz e nas Figueiras (Castropol). Cf. M<sup>a</sup> del Carmen Ríos Panisse: *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. I Invertebrados y peces*. Con anotaciones etimológicas por Antonio Santamarina. Anexo 7 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade, 1977, pp. 328-334.

<sup>24</sup> En *A Nosa Terra* (nº 716, 7.3.96, p. 31) na sección de axenda nunha breve nota líase “Herdeiros da Crus. Os pais do *junje* galego tamén presentan novo disco *Está que te cajas* o vindeiro Xoves 14 na Nova Olímpia de Vigo”.

as feministas”), reproducíase o galego con gheada e seseo dos entrevistados no texto. Uns días Antón Reixa na sección “Bule, bule de papel” do caderno de Cultura de *La Voz de Galicia* (nº 55, 14.03.96) facía referencia á presentación dese disco, con algunha forma con gheada e seseo (“Nos mesmos días, novo disco de Heredeiros Da Crus (a próxima semana xa contarei se o josei). ¡Isto non é Jolivú, é a terra bravú”). E en xullo, nas páxinas de Galicia do mesmo xornal, entrevistábase de novo ós Heredeiros co titular “Beiras debería dedicarse al rock” (19.07.96, p. 31), aínda que a agora as respostas están en castelán. Ó preguntarlles se a súa sona se debía á música, á reivindicación da gheada ou ós escándalos dos seus concertos, a resposta era a seguinte:

Nosotros no provocamos escándalo, es la gente la que se escandaliza. Lo que pasa es que algunos no entienden de libertad de expresión. Sólo aprovechamos la riqueza de la lengua de nuestras aldeas. Supimos que empleábamos la gheada cuando salimos de aquí a tocar. Antes, creíamos que todo el mundo hablaba así.

O uso público destes fenómenos proscritos do galego culto por parte dos Heredeiros e doutros grupos musicais, especialmente por algúns da corrente “bravú” fai que Ánxel Vence trate o tema no artigo “As catro linguas de Galicia” no mensual *Galicia Internacional* (nº 11, xuño de 1996, p. 15):

Outro tanto podería decirse do *jallejo*, lingua que, malia estar confinada ó uso nunha sociedade rural en vías de extinción, está aínda viva e resulta por tanto máis criativa que o galego fabricado nos seus laboratorios polos lingüistas. O rock bravú de gheada e seseo dos *Heredeiros da Crus* –por poñer un caso– é un excelente exemplo da superioridade social das linguas vivas (e por tanto, incorrectas) sobre as que xa só habitan nos corredores das academias<sup>25</sup>.

### 3.2.3. *Gheada, seseo e troula de verán*

O pasado mes de xullo nas páxinas de información de Galicia de *La Voz de Galicia* líase o seguinte titular: “La Festa da Dorna empieza el sábado con ‘jran prix de carrilanas’” (17.07.96, p. 26); logo na noticia reproducíanse moitos exemplos con gheada e seseo ó referírense as diferentes actividades que ía haber en Ribeira (*rejatas de dornas a remo, Sertame Itinerante da Cansión de Tasca, Jran Premio Cutre Sark...*), todo tirado do “programa escrito en el particular lenguaje *dorneiro* que se emplea durante los festejos”<sup>26</sup>. Cando se iniciaron as festas, o mesmo xornal, e igualmente nas páxinas de Gali-

<sup>25</sup> A aparición da revista *Bravú* en 1997, acompañada dun disco relativo á campaña por unha selección galega de fútbol, foi recollida en *O Correo Galego* (22.05.97, p. 41) na sección de deportes cun titular con gheadas “Outro pulo á selección galega ¡Aghora vai o ghol!”. Pola súa parte, en *La Voz de Galicia* (13.07.97, p. 55 edición da Arousa) informábase da primeira edición do *Sachaso rock*, que “podría convertirse en la versión ‘Meca’ del ‘Rock Bravú’ que campa en toda Galicia”. Segundo o cronista a maioría das cancións eran composicións propias “tanto en inglés como en ‘ghallegho do Ghrove’ que iban desde el ‘noise’ de *Mary’s Green Jungle*, que hizo saltar al público, hasta el ‘hard-core ghallegho’ de los *Yellow Ones*, con el que la gente disfrutó”.

<sup>26</sup> O texto orixinal é o *Pojrama Festa da Dorna 96 XLVIII Sinjladura contra vento e marea sinco noites en vela. Riveira, 20 ó 24 de xullo*. Ribeira é zona onde no grupo -ng- se rexistra enordecemento na velar (*dominco*), pero no programa lense formas como *dominjo, chirinjito...* para representar unha gheada insólita nesta parte da Arousa.

cia (20.07.96, p. 30), volveu dar un bo tratamento informativo, mentres que en *O Correo Galego* a información sobre a Festa da Dorna aparecía no suplemento *Galicia vacaciónes*.

A gheada en *La Voz* marcábase usando o grafema <j>, tal como estaba no *pojrama*, mentres que *O Correo* usaba o dígrafo <gh> na información, pero nos titulares non aparecía nin gheada nin seseo (“Hoxe comeza a Festa da Dorna en Ribeira” 20.07.96, p. 3; “Segunda xornada da Festa da Dorna en Ribeira” 21.07.96, p. 2). O uso destes dous fenómenos do galego popular (e non do estándar) sen dúbida contribuíu a publicitalos actos da festa, a vulgar polo tratamento da prensa. De seguro que os lectores asociaron gheada e seseo con troula e con informalidade propia do relax de verán.

A comezos de agosto, na crónica sobre a festa do viño albariño de Cambados *O Correo Galego* (suplemento *Galicia Vacacións*, 5.8.96, p. 3) comezaba aludindo ás diversas lendas que figuran nas camisolas dos grupos de festeiros, entre outras, “É mellor que faga dano ca que se perda”, “Chejar e encher”, “Bebe que se che quenta”. Son moitos os milleiros de persoas que nos días deses festexos andan pola vila de Cambados e, quen máis quen menos, fixase nos variados e orixinais textos das camisolas, pois todos eles teñen o seu aquel; e raro é o que non ten unha palabra con gheada ou seseo, e ás veces co pronome *ñe* propio do galego arousán de Cambados e do Grove, de Vilaxoán e de Rianxo<sup>27</sup>. O seseo márcase co grafema <s> e a gheada con <j>; pero a influencia da escola fai que se empece a usa-lo dígrafo *gh*, polo menos puiden aprecialo nun mozo que na festa de 1996 levaba na camisola un ben visible *Mighelito*, que debía se-lo seu nome<sup>28</sup>.

### 3.2.4. Gheada, seseo e a frescura da oralidade

Noutros textos periodísticos achamos algunhas formas con seseo e sobre todo con gheada, pretendendo reflecti-la oralidade. Así, en *O Correo Galego* (24.03.96, p. 4) nun dos comentarios de receitas o cocifeiro Paco Feixó usa gheada e seseo ó referirse a unha muller do Grove, contratada para vixiar que ninguén roubase ameixas; pero a vixiante un día colleu un caldeiro delas e cando lle afearon a súa conducta, contestou:

<sup>27</sup> O texto da “peña” *Chejar e encher*, que non se reproduce en *O Correo*, dicía así: “Si queres cumprir / coma un homiño / non tomes tauritón / e lárjañe un albariño// Ai os veñen / a mamarse outra ves / ‘non ser torrellas / e pajade unhas botellas”.

<sup>28</sup> Nas camisolas da Festa do Albariño de 1997 observei que xa había varias que non usaban a gheada non seus slogans (“Se ves que che *pega* o baixón, é mellor albariño que tauritón”), de igual xeito que había algunha con gheada no grupo *ng*, o que é insólito no concello de Cambados. Isto podía verse na crónica de *La Voz de Galicia* (02.08.97, p. 48, edición da Arousa) titulada “Injleses selosos, o albariño é todo noso”, texto do lema dunha das “peñas”, referido á festa do albariño artesanal que ultimamente se está a celebrar en Vilagarcía. En 1997 o concello de Cambados convocou un concurso de eslogans, do que informaba *La Voz de Galicia* (03.08.97, p. 34 da edición da Arousa) onde se recollían os gañadores: 1º “Mételle caña ó viño e mellor que sexa albariño (o refresco do verán)”, 2º “En Cambados, no Albariño, bota sempre un traguño, non de auga, senón de viño”, 3º “Sinto deixa-lo mundiño sin tomar un albariño”, 4º “Se queres saber o que é unha boa festa e un bo viño a Cambados debes vir pola Festa do Albariño”, 5º “Xa desde pequeniño gustábame o Albariño” e 6º “O albariño sen polvos, para iso xa estamos nós”. A vulgar pola información periodística, lingüísticamente trátase de textos máis coidados, nos que vai desaparecendo a gheada e todo dialectalismo, e todos eles son politicamente moi correctos e de contido *ligh*, agás o texto premiado en 6º lugar.

–Non é un roubo, son unhas pouquiñas para darlle justo ó arrós.

Ben pois o arroz terá o justo, pero ela quedou sen traballo.

En *La Voz de Galicia* na reportaxe “El amor visto con ojos de oro” (13.08.96, p. 37 da edición de Santiago) hai un exemplo ó reproducir palabras dunha señora maior sobre a fidelidade (“A fidelidade é *aseghún*”). E no mesmo xornal no artigo de Víctor Freixanes “Vivir á présa” (31.08.96, p. 8) rexístrase a forma *ghichiños*, propia do galego de Vigo e arredores e que sempre se usa con gheada, á que xa me referín ó falar da literatura.

Por outra parte, nun longo poema de Lamazares dedicado a Laxeiro días despois da morte do pintor utiliza a gheada en formas populares (*esjazada, lejañas, conjostra...* pero *angazo*) e noutras non tan populares (*bájoas*), como pode verse en *O Correo Galego* (23.07.96, p. 27).

### 3.3. Medios de ámbito comarcal e local

Nos medios locais de zona de seseo e gheada a ausencia é total nos traballadores dos medios, tal como salientou Hermida (1996) nun relatorio sobre o modelo de lingua nestes medios, no que a autora fixo unha análise do galego empregado por sete emisoras de radio (Antena Louro do Porriño, Radio Arteixo, Radio Cerceda, Radio Estrada, Radio Fene, Radio Noia e Radio Principal-Monforte), catro publicacións locais (*O Miñor* de A Ramallosa-Nigrán, *O Norte* de Negreira, *O Salnés-Siradella* do Grove e *A Tempo* do Val de Monterrei-Verín) e catro televisións locais (Onda Ourense TV, TeleCompostela, TeleLugo e TeleSalnés).

Segundo Carme Hermida estes medios empregan “un estándar que en moi pouco se diferencia do empregado polos medios de referencia nacional, especialmente pola TVG, pola RadioGalega e polo xornal diario *O Correo Galego*”. Sete destes medios pertencen a zonas seseantes e dez a zonas de gheada, pero soamente se rexistrou un exemplo de gheada en Antena Louro do Porriño (*xoghadores*) e outro na forma *nincún* por *ningún*, de Radio Noia, enordecemento do *g* que ten conexión coa gheada. En Antena Louro hai ademais dous exemplos de seseo implosivo (“*des* partidox consecutivos”, “cada *ves* tedes máis nomes”) e un caso de palatalización de *-s* na forma *partidox*, mentres que en Radio Noia hai mostras de despalatalización de *<x>* (*hose, sa*).

Como complemento disto analicei unha mostra da programación de Radio Fisterra e outra de Radio Neria, a emisora da Costa Morte que emite desde Corcubión<sup>29</sup>. A locutora de Radio Fisterra usa dialectalismos como *comentén* e *vén* (por *comentei* e *veu*) pero procura non usar gheada e seseo, aínda que non o logra de todo (“E unha *pregunta* que eu che quería *faser, facer*”; “*chegou, once a doce* da mañá na Radio Fisterra (...) que nos *vén* o pobre, que *viña* do mar aínda e *cheghou* un pouco tarde”). Nos varios locutores de Radio Neria non hai gheada, fóra do título do programa “*O maraghoto musical*”. Nun dos locutores si hai constante despalatalización de *x* [j] (*asenda, sente*,

<sup>29</sup> A de Radio Fisterra corresponde ó 14 de febreiro de 1996. A de Radio Neria é a presentación da programación de 1996.

sa, *suvenil*) e na entrada do programa “A prórroga” no mesmo locutor rexístrase pronuncia non seseante e seseante (“*Atención. Ímonos á prórroga. De martes a xoves, a partir das dose e cuarto na Radio Neria...*”).

Para rematar este apartado da prensa local quero facer mención da entrevista que para *7 días Santiago. Ocio y negocios* (nº 23, verano de 1966, pp. 8-9) se lle fai a Quico Cadaval, director de *Como en Irlanda* do CDG. No texto da entrevista, toda ela en galego, en cursiva aparecen formas con gheada e seseo ó intentar reproducir a fala de Cadaval, que é do Barbanza (“Bueno, últimamente vén sendo práctica común entre os directores do *Sedejá* facer un exercicio de dramaturxia”, “ou *aljún* tema que lles preocupa”, “preferín *faser* un espectáculo”, “e a galega é unha *desjrasia*”...). E a mesma revista no seu nº 24 (setembro / outubro 1996, p. 8) anunciaba a función *O negro Ismael* do propio Quico Cadaval.

#### 4. GHEADA E SESEO NA MÚSICA ACTUAL

O corpus deste apartado está tirado dunha escolma de discos fundamentalmente dos anos 90, uns de música pop e rock e outros de música folk e tradicional, no sentido amplo destes conceptos<sup>30</sup>. Nos textos dos cantares, especialmente nos de música pop e rock, márcase xeralmente a gheada co grafema <j>, pero moitas veces non hai marca explícita polo que o grafema <g> nun mesmo cantar pode equivaler a unha pronuncia gheadófono ou non. E o mesmo pasa co seseo, que pode non estar marcado. Nos textos de música folk e tradicional dos 90 é xeral o dígrafo <gh> para sinala-la gheada.

Nos exemplos respectarei sempre as formas tal como están nos textos, indicando os casos por min transcritos cando nun disco non figura a letra. Nos casos de gheada, o símbolo [h] a carón do(s) exemplo(s) indicará que a realización é aspirada faringal, mentres que [x] indicará que a realización é fricativa velar. Nos exemplos de seseo o símbolo [ʃ] indicará realización apicoalveolar e [s] realización lámino-alveolar, correspondendo ós grafemas <c, z> ou ben <s> dos textos. De tódolos xeitos, practicamente tódolos exemplos son de seseo apical<sup>31</sup>.

##### 4.1. Pop e rock

A gheada da música “urbana” realízase como fricativa velar, mesmo moitas veces no grupo -nc-. As esporádicas realizacións aspiradas son xeralmente imitacións da música tradicional ou cando se usa léxico asociado co “rural”, porque no rural a gheada é sem-

<sup>30</sup> A maior parte do corpus analizado é dos anos 90, aínda que nalgún grupo se fai referencia tanto no texto como en nota a discos anteriores a esta década. Como se indicou na nota 3, o material relativo a discos dos anos 1997 e 1998 co que se actualizou o corpus do relatorio figura sempre en nota.

<sup>31</sup> Cando se trate dun disco de vinilo usarei a palabra disco e a sigla CD cando se trate dun disco compacto. O título do disco ou do CD irá sempre en cursiva, seguido da indicación da casa discográfica e do ano de edición entre parénteses, mentres que o título de cada cantar irá entre comiñas.

pre aspirada; por iso as cantareiras e os que interpretan música tradicional tratan de reproducir ese son aspirado e non o urbano fricativo velar.

#### 4.1.1. O rupturista Antón Reixa e Os Resentidos

Como cantante do grupo Os Resentidos de Vigo, Antón Reixa usaba de xeito moi esporádico a gheada nos discos dos anos 80. Os textos están sempre en galego, pero Reixa intercalaba esporadicamente frases en inglés, algunha frase en italiano e algunhas voces con gheada, o que contribuíu ó “toque” Reixa<sup>32</sup>.

Nos tres CD dos Resentidos dos anos 90 practicamente non se rexistra gheada; pero os poucos casos e sobre todo o feito de que Reixa a empregase nos recitais creo que foi abondo para influír en grupos do movemento “bravú”, e en especial nos Diplomáticos do Monte Alto. En *Jei* (Gasa 1990) Reixa úsaa na canción “Nunca se sabe” (*jicho* con [x] e despois con [h], *chejou* [h]), mentres que en *Estamos en guerra pero hai que reflexionar* (Gasa 1991) fáino na canción “O xaponés” (*jichiño* [x], con dous rexistros), ademais de usar *jalifato*, *jalifa* [x] no canto de *califato*, *califa*, máis próximas aquelas á aspirada que a forma *ten* no árabe.

E en *Están aquí* (Gasa 1993) rexístrase tamén *jicho* [x] en “Dálle que non mira” xunto cunha *maragota* [h] en “Están aquí”. No cantar “En Porrás” de *Jei* (1990), nunha imitación do xeito popular de cantar das pandeireteiras (e da escrita dos textos destes grupos), outro dos compoñentes dos Resentidos nos anacos en español usa aspiración nunha forma con gheada (*ghustaron* [h], dous rexistros) e na forma *mugheres* [h], tal como ocorre no galego oral de gheada faringal<sup>33</sup>.

#### 4.1.2. Rock “bravú”: os Diplomáticos de Monte-Alto

Nos tres CD do grupo da Coruña Diplomáticos de Monte-Alto *Aroutada pangalaica* (Dro 1991), *Parrús kontra o mundo Aroutada 2* (Fonomusic 1993) e *Avante toda! Aroutada tres* (Fonomusic 1995) o cantante Xurxo Souto, de xeito asistemático emprega a gheada tanto con realización aspirada como fricativa velar, tal como facía Reixa. E igual ca este, Souto úsao publicamente nos concertos de música cando se dirixe ó público. Nos textos xeralmente aparece o grafema <g>, aínda habendo gheada; con todo nos CD do 93 e do 95 hai algún exemplo onde a gheada se marca con <j>.

Na aroutada do 91, agás *encolgado* [x] do cantar “Subhastado”, a gheada é aspirada (*agacha*, *pago* e *foguete* en “San Furancho”, *gasto* no retrouso de “Palavea”). Na arrou-

<sup>32</sup> No disco *Vigo Capital Lisboa* (Gasa 1984) usaba a faringal [h] en formas como *Negreira* no cantar “Abdul” e *chejar* en “In the guetto”; no disco *Fai un sol de carallo* (Gasa 1986) usou a fricativa velar [x] en formas como *cajallón* en “Esfinter”, *jafas* en “Galicia canibal”; *jichiños*, *jichas* e dous rexistros de *sije* en “Minoría sij”; e no disco *Fracaso tropical* (Gasa 1988) achámo-las dúas realizacións, incluso na mesma forma (*chejar* [h] e *chegando* [x] en “Galicia Exprés”; *chegando* [h] en “Por Alí, por Alá”; *jicho* [x] en “Galicia sitio distinto”).

<sup>33</sup> En Reixa o seseo é insólito, pois só o anotei en *chafaris* en “Fracaso tropical” no disco do mesmo nome (1990). En “O son da lingua” do CD *Jei* (1990), mentres o coro usa varias veces no retrouso *gosar* (“porque o son da lingua é para *gosar*”), Reixa usa a mesma forma pero sen seseo (“entre dúas linguas para *gozar*”). Unha vez disoltos Os Resentidos, Reixa non usou a gheada como cantante do grupo Nación Reixa no CD *Alivio rápido* (Gasa 1995).

tada do 93 aparece a gheada especialmente en adaptacións de pezas populares, sendo unhas veces o coro quen a usa como en “Apaja o kandil. Peza enxebre” (*apaga, achégate* con realización máis ben aspirada) ou en “Aí vai”, con 5 rexistros de *gas* [x], pero *galegos* /g/ cando canta Souto. Este tamén usa gheada en *agora* [x] en “Nakra” (pero non en *augas*) e o coro faíno en *agarrala* [x] en “Guitiriz”. Outro dos compoñentes úsaa en *jalopines* [h].

Na arroutada do 95 a maioría das formas con gheada realízanse con [x] (*xoga, gas, cargado* en “O increíble bestilleiro”; *jatilla* con varios rexistros en “Jatilla”; *Gran Sol* en “Castiburón”), con algún exemplo de [h] (*agra* en “Fillos de pita”). Nalgunha canción Souto usa as dúas realizacións, como ocorre en “Gaiteiro” (*gaiteiro* con varios rexistros, unhas veces con [x] e outras con /g/ e *gaita* [h]) ou en “Esta noite hei d’ir aló” (*guedellas* e *gambas* con [h], *xarindrojas* con [x], e esta mesma realización en *fungueiros*, no grupo -ng-)<sup>34</sup>, mentres que no galego oral moitos gheadófonos non teñen gheada nese grupo, tal como se indicou anteriormente.

Os Diplomáticos son o grupo dinamizador do movemento “bravú”, do que mostra o CD recompilatorio *Unión bravú* (Cumio 1996), cun texto introductorio de Manolo Rivas que define os bravús como “unha Confederación Irmandiña. Non hai programa, nin ideas preconcebidas, nin uniformes. Unidos pola terra, a lingua e a música, peiteados polo vento, os guerreiros desbrozan as corredoiras cegas”. E unha das marcas dalgúns grupos do fenómeno bravú é o uso asistemático da gheada, aínda que nos textos do citado CD *Unión bravú* non hai unha marca explícita do fenómeno pois sempre aparece o grafema <g>. Non a usan grupos de zona de non gheada como Rastreros de Chantada en “Tratorada” ou Os Skornabois de Lourenzá en “A nova Fifi” e outros de zona gheadófono como Túzaros de Santiago en “Cuspen na cara”, Xenreira<sup>35</sup> da Estrada en “¡Presente”, Kaos de Cangas do Morrazo en “Galiza Morta ¡¡Noon!” ou O Caimán do río Tea de Pontearreas en “Manolo Pescadilla”.

Os Papaqueixos da Coruña usan forman sen gheada (*gueivota, alongados*) e outras con gheada (*gosta, gañe* [h]) no seu cantar “Matías, O Morcego”, e o mesmo fan Os Impresentables de Vimianzo (*gusta, agora, galego* sen gheada a carón de *gusta, cago* [x]) en “Que foi do Rock & Roll”. Pola súa parte Pinto de Herbón en “Nitramón 15, 15, 15” fai un agro-rap con gheada (*gañas, caga* [x]) e seseo (*15, sedo* [s], pero *concello* [θ]), fenómenos da veiga de Padrón.

<sup>34</sup> Polo que respecta ó seseo, á marxe da mexicanada “Escaleras de la cárcel” (en español) só o anotamos na forma *luz* /s/ en “Apaja o kandil” (1993) e na forma mariñeira *safor* no sentido de “librar, soltar”, precisamente nunha canción que ten o mar como tema, en “Castiburón” da arroutada do 1995.

<sup>35</sup> Nos CD *Érguete!!* (Cumio 1996) de Xenreira, *A piñón fixo, a golpe de pixo* (Cumio 1996) de Rastreros e en *Túzaros* (Cumio 1997) de Túzaros tampouco hai gheada. En *Disparados ó futuro* (Cumio 1997) de Zēnzar, de Cerceda (na zona de gheada e seseo implosivo), aínda que non se marca nos textos, hai algunhas mostras de gheada, realizadas sempre con [x] (*engruñado* e *desgustado* en “Podes ser ti”, *negro* e *pagar* en “Viver sen ela”, *xugo* en “Nacín libre”) e tamén de seseo implosivo, sen marca gráfica (*rapaz* en “Viver sen ela” e *perdiz* en “Matar por matar”).

O Caimán do río Tea, no seu CD *Feito na casa* (Sons Galiza 1995) ten cantares sen gheada e outros onde se usa sempre, como en “Pedro marelo” (*cajada, jalo* [x]) e “De puta nai” (*ijual, amigo, aljo, cajo, portuguesa* [x]) e outros como “Galego en Madrid” con ausencia de gheada (*cheguei, galgos...*) e con presenza (*juapo, enjominado* [x]). O grafema da gheada é <j>, pero en “De puta nai” hai grafema <g> en formas con ese fenómeno<sup>36</sup>. No Caimán non hai seseo explosivo, pero si implosivo na forma *rapás*, que aparece en diversos cantares.

#### 4.1.3. O rock da “Galicia rural”: Ollo ó Can

Este grupo do Porriño no CD *A Hostia Inverso. Diario universal da Galicia rural* (Edigal 1993) usa a gheada de xeito case xeral, antes de que o fixesen os Heredeiros da Crus, cuns textos non menos “irreverentes” e provocadoras cós dos Heredeiros. No seu único disco editado o grupo Ollo ó Can, “reflectiu fielmente o mundo rural do Porriño”, tal como sinalou Estévez (1996: 29).

A realización da gheada unhas veces é fricativa velar, como ocorre nas formas do cantar “O timo ‘del Pariente’” (*ajora, chejarche, jaliña, rejalar, pajar* a carón de *emigración, ningún, gracias* sen gheada). Outras veces é aspirada, como no cantar que dá nome ó grupo, “Ollo ó can”, tamén co grafema <j> no texto (*jrande, jran, pejou, milajro, chejar* [h] fronte a *guapa, fungeiro* sen gheada). Noutros cantares hai as dúas realizacións; é o caso da “Canción da cabra violada” con máis rexistros de [x], ou “O cura pinante”, onde [h] é maioritario. Nalgúns casos aparece o dígrafo <gh> para a aspirada [h] en formas como *neghrito* de “A potente historia do neghrito Mohamed” ou *estántighas* da “Milonga do Araña”<sup>37</sup>.

O Porriño é zona de seseo implosivo, pero non do explosivo. En *A Hostia Inverso* hai varias mostras de seseo, todas elas marcadas graficamente. Hai seseo implosivo en *narís* e *matrís* de “A potente historia do neghrito Mohamed”, nos dous rexistros de *crus* de “O diaño no corpo” e na forma *lus* (pero *vez*) da “Milonga do Araña”. A única mostra de seseo explosivo é *analísáronlle* [ʃ] na “Canción da cabra violada”.

#### 4.1.4. O rock do Barbanza: o jrunje dos Heredeiros da Crus

Os Heredeiros da Crus, que proceden do costado de noroeste da ría da Arousa (Ribeira, Boiro...), en liñas xerais empregan a linguaxe falada na ría, con gheada e seseo na fonética e con léxico e expresións propias tanto do costado de leste como do de noroeste da ría da Arousa, como ocorre con *guichar* no sentido de “realiza-lo acto sexual” (e non

<sup>36</sup> Nun mini CD de 1996 do Caimán con cancións do *Certamen galego da canción xuventude '95* a realización é [x] en “Marike” (*jalos, jaliñas*) pero aspirada na forma *chegha* cando se imita a fala dos “maiores” no final da peza instrumental “Caponata vas de Juai”: “*Chegha* de correr, *estudia/ chegha* de saltar, *estudia/ chegha* de tocar, *estudia/ chegha* de nadar, *estudia/ chegha* de patinar, *estudia/ chegha, chegha, chegha, j'estudia!*”. A transcripción do texto é miña, porque non figura coas letras do mini CD.

<sup>37</sup> Verbo da gheada o autor das letras Alfonso G. Patto manifestaba en *A Nosa Terra* (nº 583, de 19.08.93, p. 25): “Eu son estudante de Filoloxía Hispánica, e observo que non hai unanimidade cara unha tendencia concreta; entón, dalgunha forma rebélome contra diso, e concluo en que cada quen fale como queira, ges, jotas ou o que sexa”.

no de “vixiar”) ou *guíate por min* para “faima caso”. Asemade usan castellanismos mesmo sen adaptación fonética no caso de teren [x], tal como se usan en rexistros populares arousáns.

No seu primeiro CD *A cuadrilla de Pepa a Loba* (Xurelo Roxo 1994) a gheada é case xeral e o seseo é esporádico, como se aprecia no cantar “Juan Ramón”(jústalle<sup>38</sup>, *pejoulle, cajo, mejallo* [x], pero *agora* [g]; *ejersendo* con [s] pero *construcción, cinco, vez, certo* con [θ]), aínda que nalgún cantar como “Sábado noite” non se rexistra ningún dos dous fenómenos. A gheada pode non aparecer cando se trata de voces recuperadas a través da escola ou dos media, pero si ten gheada o castellanismo correspondente (*galegas* [g] e *gallegas* [x] en “Ella-culación Feros”). Tamén se rexistra gheada no castelán agalegado de “O fillo de José” (*jrande, arrechéjate, jata...* [x]) e enxordecemento do [g] no grupo *ng* en formas castelás (*venca* ‘veña’, *tencas* ‘teñas’).

Esta evolución característica do galego do Barbanza (e doutras áreas de gheada) tamén se rexistra en *domincos* en “A chaqueta de la” do CD ¡¡*Está que te cajas!!* (Xurelo Roxo 1996). Neste segundo CD dos Heredeiros da Crus, en “O frenaso no calsonsillo” hai seseo apical e gheada en todo o cantar, pero nos demais cantares o seseo non é o normal, malia que haxa máis rexistros de formas seseantes que no CD de 1994. Igual que neste, a gheada non aparece en formas recuperadas como *agora* (en “A chaqueta de la”, “Flor de primavera”) ou *aluguer* (no final de “Teu fillo fuma porros”), pero o seu uso é practicamente xeral, con realización non aspirada<sup>39</sup>. A gheada márcase nos textos con <j>, agás algún caso de <g> (*labrego* [x] en “De Galisia ó estranxeiro”).

O grupo 7 Luvas, de Noia no seu CD *Pirata* (Boomerang 1995) usa practicamente sempre gheada [x] e seseo apical, tanto explosivo como implosivo. Fóra do cantar “Atalaia”, onde non hai ningunha mostra dos dous fenómenos, o seseo é constante, malia que ás veces non haxa gheada; é o caso do cantar “Calexóns” con formas como *mencer, facer, corazóns* [s], *agora, igualiño* [x] e *sigo, guión* [g]<sup>40</sup>. No grupo *-ng-* rexístrase *ningún* [ɲg] pero *ninguén* [ɲx] nun mesmo cantar “Dama de tul”.

Aínda que hai dialectalismos do Barbanza, como cheísmo (*odieiche a ti* en “Calexóns”, *escoitarche* en “Que é o que querías”) a lingua non é a da rúa con castellanismos léxicos, como a dos Heredeiros, senón unha lingua elaborada, como se ve en “Dama de

<sup>38</sup> O CD non vén acompañado das letras dos cantares. Uso o grafema <j> porque é o que aparecen nos discos posteriores dos Heredeiros da Crus para representa-la gheada. No texto de agradecementos do CD *A cuadrilla de Pepa a Loba* úsase *j* (*jrasiás, jolpear*) e *g* en formas como *guitarra, colegilla*, a carón de formas como *amigos, aguantar*. Nos textos do CD *Des Minutos. Castijados por payasos* (1977) sempre hai gheada e sempre se marca co grafema <j>.

<sup>39</sup> A realización aspirada só aparece no diálogo inicial (en castelán) de “Motosicleta-man”, que non figura no texto (“-*Abagha* la *bragha* Edmunda que nos vamos / -*Abagha* tu *slip*, muéstrame la *fraghancia* y enséñame a caminar”). Logo, despois de arranca-la moto, o texto está en galego con gheada non aspirada e despala-talización de <x>.

<sup>40</sup> Non puiden consulta-los textos do CD de 1995. Poño os exemplos coas grafía *c, z* para seseo e *g* para gheada porque no CD *Que tomas!* (DLV, gravado en 1997), aínda que practicamente sempre se usa a gheada e especialmente o seseo, non hai grafemas especiais nos textos manuscritos que puiden consultar. Agradézolle a Tina Veiga Alonso toda a información e o material que me forneceu do grupo 7 Luvas.

“tul”, con lusismos (*meia, sul..*) e con formas reintroducidas no galego estándar como *fiestra* e *Deus*, e mesmo *doado* no canto da forma xeral *fácil*.

#### 4.1.5. O rock radical do Morrazo: Nabarraka

Este grupo de rock *radikal*, no seu CD *¡Que verjuensa!* (Chorima 1996), dedicado “a todo-os homes e mulleres que luitan e luitaron polo noso povo”, presenta exemplos esporádicos de gheada non aspirada [x] e de seseo apical [ʃ], aínda que xeralmente nos textos non aparecen grafemas especiais para marcar eses fenómenos.

Así, no cantar “Conxuro” aparecen *trasgos* e *meigas*, sen gheada, pero formas como *veigas* e *fago* [x]; en “Sachaso” óese *cancinho* con [θ], xunto con varios rexistros da forma *sachaso* con seseo xa marcado nas letras; en “Ghomito” as formas *feliz* e *tazinha* non teñen seseo e *grollo*, *chegou*, *ninguém* carecen de gheada, fronte a *decidiu* con seseo e *ghomito*, *pegábalhe*, *veiga* con [x]; e en “Trompicalho” tódolos <g> do texto corresponden no cantar a formas con gheada [x] (*cago*, *péguelhe*, *xogo*, *xogamos*), á vez que tamén hai algunha mostra de seseo (*cachiza* que rima con *pisa*).

Hai, por outra parte, mostras abondas da despalatalización de <x> [ʃ], que mesmo pode chegar a realizarse como [ʃ] apicoalveolar. Isto non é nada estraño se temos en conta que a orixe deste grupo está no Morrazo.

#### 4.1.6 O rock do Xabarín Club

No dobre CD *A cantar con Xabarín* (TVG 1995), producido para o programa xuvenil Xabarín Club da TVG, colaboraron grupos galegos que cantan en castelán (Siniestro Total, Los Limones, Aerolíneas Federales, The Killer Barbies, Def con Dos...). A ausencia de gheada e de seseo é a norma nos cantares destes grupos, aínda que Siniestro Total en “¿A onde vas rapaz?” usa algunha forma con seseo implosivo (*rapaz*) e gheada (*pregunta* [x] a nai, pero *pregunta* /ʎ/ o mestre e o pai).

Polo que respecta ós grupos que cantan habitualmente en galego e que participan no dobre CD a situación é a seguinte. Os Heredeiros da Crus usan sempre gheada [x] e seseo [ʃ] nos dous cantares “¡Pero que jallo é!” (*jaliñeiro*, *vasieiro*, *jalo*, *peteirasos...* formas todas asociadas co rural) e “O porquiño” (*aljunha*, *nesesario*, *ajro*, *corasón...*)<sup>41</sup>; pero non os empregan Reixa no grupo Nación Reixa nin Yellow Pixoliñas de Monforte<sup>42</sup>.

En “Xa ven o Xabarín” dos Diplomáticos de Montealto hai seseo apical nos dous rexistros de *sóupalle* e gheada [x] nos dous rexistros de *jaliñeiro* [x], léxico asociado ó rural, pero non en *colegas*, léxico urbano e culto, a outra posible forma de gheada, como

<sup>41</sup> O seseo é apicoalveolar, agás varios rexistros de *cabesa*, con seseo predorsal na parte final de “O porquiño” onde se imita o castelán con gheadas e o falar con [ʃ] lámino-alveolar.

<sup>42</sup> No CD *Lacon Lover* (Sons Galiza 1994) de Yellow Pixoliñas tampouco usan gheada Antón Reixa nin Xurxo Souto dos Diplomáticos no cantar “O galo vermello” que abre este CD. Yellow Pixoliñas nunca usa gheada nin seseo en *Lacon Lover* nin no CD *¡¡Non pises a herba!!* (1996); pero no cantar “Lucía, Lucía” deste CD de 1996, nun galego con dialectalismos (*unhos*, *roxós*) e castelanismos (*eres*, *virtú*) usan a forma *lejía* (que non aparece no texto) pronunciada con [h] da gheada aspirada e non co esperable [x]. Os Yellow Pixoliñas pretenden con isto imita-la ruralidade, como fan outros grupos pop urbanos.

tampouco se rexistra na “Oda ó fútbolín” (que con leves cambios é o cantar “Fura fútbolín” da Arroutada de 1995). Hai algunha mostra esporádica en Skupe Skapa da Coruña<sup>43</sup>, en Tasmanian Devils de Vigo, en Los Creepers e no grupo de Vilagarcía da Arousa Korosidansas<sup>44</sup>.

En 1996 editouse *¡Cada día somos máis!* (vol. III folk; vol. IV rock, pop e reage), con músicos de Galicia, África e Portugal. Os músicos portugueses cantan con sons propios do galego (e non do estándar portugués), pois case todos usan a interdental [θ] e a africada [tʃ]. Os Herdeiros da Crus empregan formas con gheada [x] en “Íscalle lura” (*agharrado, logho*)<sup>45</sup> e seseo apical (*cinco, Betansos, conosín*). En “Pode ser...” de Víctor Coyote hai seseo en *parece*, pero non en *luz*; e non hai gheada, agás no retrouso (*galaxia, gafas* [h]) ó imita-la fala do rural, o mesmo que usa aspirada en *alieni[h]enas* (no texto *alienixenas*)<sup>46</sup>.

## 4.2. Folk e música tradicional

Nos grupos que interpretan cancións con música e letra tradicional recolleita *in situ*, ó trataren de reflectir do modo máis fiel a lingua oral, rexístrase gheadas e seseo mesmo nos castelanismos cando o usan os informantes. A realización xeral da gheada é [h] tanto nas formas galegas coma nos castelanismos e pezas en castelán, xeralmente representada co dígrafo <gh> nos textos, co que se intenta reproducir a pronuncia tradicional aspirada e aínda maioritaria no galego oral, sobre todo nos medios non urbanos, e especialmente na xente maior, que son os informantes desas composicións.

Os castelanismos con [x] (tipo *jamás*) pronúncianse tamén con aspirada, como normalmente ocorre cando a gheada é aspirada, aínda que poden usarse as grafías *j, g* ante *e, i* do castelán e non *gh*. Á xeneralización deste dígrafo para a gheada nos textos dos discos de música tradicional non debe ser alleo o *Cancioneiro* de Schubarth e Santamarina (1984 ss).

### 4.2.1. Pandeireteiras e grupos de música tradicional

Boa mostra disto é o CD *Leilía* (Discmedi 1994) do grupo de pandeireteiras Leilía de Santiago. Así, na “Ruada de Folgoso” aparece o dígrafo <gh> na parte en galego (“que

<sup>43</sup> Segundo me informou Xurxo Souto, o cantante de Skupe Skapa reside agora [1998] en Frankfurt actuando cun novo grupo, *Jarbanzo negro*, con gheada na primeira parte do nome.

<sup>44</sup> En “O can de Xan” do grupo da Coruña Skupe Skapa hai *gamberro* sen gheada, pero *chega* [x]. En “Pistón” de Tasmanian Devils *mangallón* [ŋg], *bici* [θ] pero *desjrásia* con gheada [x] e seseo. E en “Andar de can” de Los Creepers, *madrugar, chegar* [y], pero gheada en “¡Semos peligrosos!” [x] no comezo, frase que non figura no texto. En “Os galisáns” de Korosidansas *Galiza, preguiza*, pero *galisáns* sen gheada e con seseo, con tres rexistros, referido ós que forman a tribu que vive en *Galiza*. No seu CD *Non!* (Chorima 1997) Korosi Dansas non presenta ningunha forma con gheada e seseo.

<sup>45</sup> Non hai gheada na forma *oiga* nunha pregunta en castelán (“¿Oiga señor, qué está usted pescando?”), pero si no final do cantar noutros versos tamén en castelán (“y tenjo el estómajo jripado), co uso do grafema <j> no texto do cantar.

<sup>46</sup> No mesmo disco non hai ningunha mostra de gheada e seseo no cantar “Loba, lava, luva” de Nación Reixa.

*digha* a verdade / túa nai é *meigha*<sup>47</sup>), o grafema <j> na parte en castelán (“si has de bajar con el tiempo”, “que *jamás* me olvidarian”) e <gh> nas formas en castelán con gheada (*llegamos* en “Devina estrella”), representando todas esas grafías unha mesma pronuncia aspirada [h]. A gheada pode rexistrarse no grupo *ng* (*lenghuas*<sup>48</sup> e *tengho* en “Serán do barro do ceo”) ou non (*domingo* na “Ruada de Folgoso”), tal como se rexistra no galego oral. Con seseo hai varios rexistros do castelanismo *sielo* no retrouso de “Mazurca e jota de Axeitos”.

Algo semellante ocorre no CD *Na seitura do Barroso* (Cumio 1994) do grupo da zona de Vilagarcía da Arousa Pallamallada, nome en honra dun dos gaiteiros de máis sona do Salnés, que no seu interese de máximo respecto pola transcrición da literatura oral recollida, manifestan que a gheada se representará mediante *gh* e que o *j* suave<sup>49</sup> se fará con *jh*, dígrafos que marcan unha realización aspirada, aínda que non sempre é así. No “Romance de cego” de Anceu (Pontevedra), en galego, lese *Ghillermo, domingo, cheghou*, etc., e a realización efectivamente é aspirada; e no “Canto de Reis de Moscoxo”, de Pazos de Borbén (Pontevedra), en castelán, *San Jhosé, hijhito* [h] e *Virgen* [h], ademais de *llegan* [y] e *los Maghos* [h]. Na “Muiñeira con Birimbau” de Trabanca Sardiñeira (Vilagarcía da Arousa) non se marca no texto a gheada aspirada (*veiguiñas, pegar* [h]).

Na “Muiñeira da Pereira”, cunha estrofa en galega e tres en castelán, recollida nese lugar do concello ourensán da Mezquita, Pallamallada usa gheada en todo o texto, aínda que non sempre se marca (*alguén* na parte galega, *tengha connigo* e *aleghre* nos versos en castelán). A Mezquita non é zona de gheada, polo que, en principio, resulta chocante o uso do fenómeno nesa peza: ¿foi recollida realmente así porque a persoa doante a aprendeu con gheada? ¿O grupo Pallamallada usa gheada aspirada porque iso xa é marca do cantar tradicional, especialmente cando se trata de cantos relacionados cos labores tradicionais do campo e cos romances?<sup>50</sup>

<sup>47</sup> Na versión posterior da parte galega desta peza que fai Uxía no CD *Estou vivindo no ceo* (Nube Negra 1995), non hai marca de gheada no título (“Túa nai é meiga”) pero si no texto (*digha, meigha*) realizadas con [h] e contra o final con [x]. Uxía, que é do Porriño, de área de gheada, non a usa no resto das composicións do disco. Por outra parte Dhais no CD *Dhais* (Sons Galiza 1993) na mesma peza (agora titulada “Eu chorei”) non marca a gheada (*diga, meiga*) pero si se realiza sempre con aspirada.

<sup>48</sup> No texto lese *linghuas*, con *i*.

<sup>49</sup> O *j* suave fai referencia á adaptación do [x] dos castelanismos con realización aspirada.

<sup>50</sup> No CD *Caloeiriña das Bouzas* de Pallamallada (Cumio 1997) é moi interesante dialectologicamente a peza “Muiñeira de Ancares” recollida en Piornedo de Ancares (Donís) e cantada por mulleres, con gheada aspirada na parte en galego (*ghracia* na estrofa 1ª, tres rexistros de *righaleillo* na estrofa 2ª) e nas estrofas en castelán (*digha, digho, ghuapo* e *barriga* tamén con gheada, a pesar do grafema <g>), e mesmo hai aspiración [h] en *lighero*, pero non en *tengo* do verso 3 da 1ª estrofa. No romance de cordel “Crime de Caldas”, cantada por un home, o <gh> dos moitos exemplos das 18 coplas son de gheada non aspirada [x] no cantar. Só é aspirada en *ahora* (sic) e *seghunda* dos versos que dividen as dúas partes, de *castigho* (copla 17) e *larghouse* (copla 18), e tamén en *ceghiño* ó final do romance, na parte non transcrita. Nese mesmo cantar hai mostras de seseo en *rapás, sivile* (referido á Guardia Civil). No “Canto de pedreiros-verbo das arginas” de Millarada (Redondela) as formas *jometes, llejas, xarajeta* deben ser formas con gheada.

Nas pezas do CD *Navicularia* (Do Fol 1996) de Berrogüetto interpretadas polas pandeireteiras de Cantigas e Agarimos de Santiago, con coplas en galego e outras nun castelán agalegado con gheada, nos textos márcase con <gh> a realización aspirada e con <g> a ausencia da gheada. Así, *pulgha* e *ghisar* no cantar “Rosendo en Sabaxáns”<sup>51</sup>, *enghaña* pero *agora* e *alegría* en “O mandil”, *lenghua* nunha copla en castelán na “Jota de Mórdomo” e *barrigha* pero *Gargamela* en “Danza de Gargamela”.

Na peza “Cantigueiras” do CD *A Irmandade das Estrelas* (Ariola 1996) de Carlos Núñez as pandeireteiras do grupo Xiradela que interpretan o “cantar” de traballo de Vilabado-Tordoia fano con gheada [x], aínda que no texto non se marca (*garganta*, *faga*). E no “maneo de Caión” en *agora* e *guerra* do comezo, que son as únicas posibles formas, eu non percibo gheada<sup>52</sup>.

Non usan gheada nin seseo os gaiteros de Treixadura, grupo do Salnés (de Cambados e Vilanova da Arousa) no CD *Obrigado* (Discmedi 1996) nas foliadas e noutras pezas cantadas. E tampouco hai gheada na “Muiñeira de Oliveira”, recolleita en Ponteareas, que no mesmo disco interpretan as pandeireteiras do grupo Donicelas de Salvaterra de Miño.

#### 4.2.2. O folk do Xabarín Club

No xa citado *A cantar con Xabarín* (1996) no vol. III, en “Danza dos xabaríns” de Fía na Roca canta Tuchiño de Poi dos Heredeiros da Crus, con seseo apical (*danzaaa*, *peza...*) e con gheada [x] en tódolos posibles casos (*gaitero*, *meiga*, *seguinto*), mesmo no grupo -ng- (*engaiola-los xabaríns*). Na peza “Saca untos” de Berrogüetto non hai seseo pero si gheada non aspirada [x], marcada no texto con <gh> (*ghrande*, *ghrasa*, *aghora*, *ghraxa*)<sup>53</sup>. No cantar “Noite de cans” o grupo Na Lúa ten formas con gheada, con diferentes realizacións (*grande* [h]; *pegouille*, *pegoume*, *chegando* [x]) e outras sen gheada (*guapa*, *cigarro*, *fungueiro*).

No cantar “O jai, jai” de Chouteira, incluído neste vol. folk do Xabarín Club, hai seseo /s/ en *acontece*, que deste xeito rima co *espernexe*, con *x* despalatalizado nunha voz masculina pero non hai gheada en *manteiga* nin seseo en *rapaces* cando canta Uxía

<sup>51</sup> No texto deste cantar lese *vengho*, pero escóitase *vengo*, sen gheada.

<sup>52</sup> Noutros grupos que recollen e interpretan a música tradicional reflíctese a gheada, como se ve no CD *Música tradicional* (Ed. do Cumio 1997) de Rumbadeira, grupo formado só por homes que, entre outras pezas, interpretan pandeiretadas. Na “Pandeiretada de Noicela”, recollida neste lugar de Carballo, aparece sempre o dígrafo <gh> para gheada realizada como fricativa velar, e mesmo se grafía algún exemplo no que non se escoita gheada (*Sisarghas*, por ex.), mentres que noutras formas (*augha*, *Ghalicia*) non parece perceptible o fenómeno. Si é aspirada na “Ribeirana de Sequeiros” de Pazos de Borbén no único posible exemplo (*ghana*) e noutras pezas como “Machote” (*bighote*, *coghote*).

O Obradoiro de Cultura Tradicional Ultra de Santiago de Compostela no seu CD *Andando camiño* (Cumio 1998) tamén usa gheada aspirada en varias das pezas.

<sup>53</sup> A *ghraxa* do verso 3 do retrouso é claramente aspirada a primeira vez, non así nos outros casos en que se repite o retrouso. No CD *Navicularia* (1996) antes indicado, Berrogüetto ten unha peza instrumental titulada “Jota da gheada”.

Pedreira, formas que corresponden a *manteigha*, *rapases* en Schubarth e Santamarina<sup>54</sup>, posible fonte desta peza de Chouteira. O grupo Chouteira no seu CD *Chouteira* (1995) non usa nunca a gheada nas pezas tradicionais que interpreta. Nalgunha peza o informante non tería gheada, caso de “Basilissa” ó ser recolleito en Lamas-Trabada, na zona lucense onde o fenómeno non existe. Pero nalgunha a fonte podería ter gheada, como ocorre nas formas *segada* e *peligrosas* do “Canto de seitura e Jota de Vila-Pena”, tirados do *Cancioneiro* de Schubarth e Santamarina, pois neste cantigueiro no texto de “Hei de ir á túa seitura” lese *seghada* na peza recollida en Sarreaus e en Lobosandeu do concello ourensán de Bande, e *segada* na copla de Sordos e Salto das Conchas, tamén de Bande, e en Terroso-Vilardevós e Loña do Monte-Esgos<sup>55</sup>.

#### 4.2.3. *A Roda e a canción popular*

Este grupo de Vigo nos temas populares do seu disco coñecido disco *A roda* (Movieplay 1977) non usaba a gheada nin o seseo: no cantar do “Gato” o que ía metido nun saco era un gato sen gheada e no “Pousa-pousa” era un crego, un galo... e non un *cregho* nin un *ghalo*, e así no resto. Tampouco se rexistra en *Falemos galego* (Diapason 1979).

Nos temas populares de *Eu teño un compadre* (A Roda Ed. 1993) e nas pezas con textos cultos, como o poema de Bouza Brey que dá título ó disco ou “A gaivota”, non hai gheada nin seseo; pero hai gheada na canción popular “Manoela” (*Gregorio* [x], xunto con *Gregorio*, sen gheada, do coro) e seseo en *zarandea* no tamén tema popular “Os vellos”<sup>56</sup>.

En *Os quintos* (A Roda Ed. 1995), aínda que non se rexistra en tódolos cantares, si hai gheada tanto en textos populares como cultos, con realización aspirada en case tódolos exemplos, aínda que a grafía do texto é sempre <g>. Así, no tema popular “A filla de Bartolo” a gheada é xeral, realizándose aspirada (*engano*, *auga*, *gordiñas*, *contigo*, *seguro* [h]) agás no retrouso con [x] (*gaita*, *guitarra*). No texto de Bernardino Graña “Para beber auga e viño e estarmos xuntos” a gheada é case xeral (*estrughas*, *ortighais*, *lostregazos*, *augha*, *lagharto* [h] fronte a *fogo*, *egoísmo* e *pingas* sen gheada). E en

<sup>54</sup> En Schubarth/Santamarina (1983: 40) o verso 6 é “busca-la manteigha”, con gheada, e o verso 15 é “mirand’ós rapases”, con seseo. Na versión de Chouteira fálase de Pedro Castaño, que en Chouteira é Olimpio Castaño; o resto da letra é a mesma. Polo que respecta ó retrouso “O jai, o jai jai (...) e dixen jai, jai” o cantar de Schubarth/Santamarina (1993: 16) recollido en Esgueba, no concello coruñés de Sobrado, é “*Ó ghai, ghai ó ghai, ghai / o qu’esborrexe e non cai...*” con <gh> na forma *ghai* tal como aparece no título do cantar “O ghai, ghai” do CD *Ghuaué* (1997) do grupo Chouteira, aínda que non hai letra do texto. Neste disco hai gheada en *gaita*, *gaitiña* [x] cando canta unha voz masculina na peza “Mondoñedo” nun anaco que figura sen texto e hai seseo na forma *lenzo* de “Son de Meira” non cando canta Uxía Pedreira senón a cantante do grupo asturiano Xareu.

<sup>55</sup> Cf. Schubarth/Santamarina (1984, II: 12). Na copla “Ventanas a la calle son peligrosas” o texto recollido en Bañías-Vimianzo é “Ventanas para la calle / querida son *pelighrosas*” (Schubarth/Santamarina 1993: 171) e a versión de Florderrei-Arzádegos-Vilardevós é “Ventanas para la calle / ai de noche son *peligrosas* (...) ai que tienen *highas* hermosas” (Schubarth/Santamarina 1984, II: 102).

<sup>56</sup> Non hai textos acompañando o disco.

“Xan” de Rosalía de Castro hai tres formas con gheada (*regho, ghaliñas, cregho*) e catro sen ela (*auga, gato, agachado, chega*)<sup>57</sup>.

#### 4.2.4. “Mini”, Fuxan os Ventos e A Quenlla

E remato este apartado co grupo A Quenlla, centrándome especialmente en Xosé L. Rivas “Mini” que, non tendo gheada no seu galego inicial, xa desde a época de Fuxan os Ventos –o gran fenómeno músico-cultural dos anos 70– empregou a gheada en moitos dos tempos populares que cantou, e de xeito especial en romances. Boa mostra disto é o longo *Romance historia da lingua galega*” de A Quenlla, texto de Darío Xohán Cabana (Sons Galiza 1988): no recitado deste *Romance* “Mini” usa gheada aspirada, mesmo no grupo *-ng-* (*lingua*), aínda que non se marque nunca graficamente. Practicamente non se rexistran formas con gheada cando recitan partes do *Romance* os demais membros do grupo.

No primeiro disco do grupo Fuxan os Ventos (Philips 1976), entre textos de diversos autores (Cabanillas, Celso Emilio, Manuel María ou Darío X. Cabana) figuraba o tema popular “O afiadore”, unha mestura de castelán con gheada e algo de galego onde “Mini” usaba gheada non aspirada (*traigo, igoal, Galicia, haraganes, paragüeiro* [x]). A lingua dese cantar non era moi distinta do “castelán dramático” de moitos dos textos que nos 90 están a cantar grupos de pandeireteiras e que, en xeral, ninguén critica; pero no seu día si fora criticado ese cantar de Fuxan os Ventos, especialmente polo uso da gheada<sup>58</sup>.

En “O galo Devesa”, texto de Manuel María, do disco *Máis alá da néboa* (2001 Producciones 1990) “Mini” e outros membros da Quenlla usan gheada aspirada. E “Mini” tamén a usa en “A Galiza mai’lo Minho” na 2ª parte (*auga, regadas* [h]) en galego, para marca-la diferenza coa 1ª parte, que el mesmo canta en portugués; pero non a usa en “As cunetas”, poema de Luís Pimentel.

No disco *Terra* (2001 Producciones 1992) “Mini” non a emprega nun texto tradicional como “Eses dous que andan no baile” nin no texto de autor “Foi de amor”; pero si

<sup>57</sup> En *Onde Galicia é Portugal* (Lostregazos 1998) da Roda en “Cantiga ó traballo” nos dous posibles casos de gheada, rexístrase en *peguen* [x], pero non en *alegre*. Neste mesmo cantar hai seseo implosivo en *nariz*, que rima con *ris* (do verbo *rir*). E no “Alalá de Padrón” hai gheada [h] na 2ª copla (*chegaron, alegría, chegou*), as únicas formas con g do alalá.

<sup>58</sup> No disco *Sementeira* (Philips 1978) con Fuxan os Ventos hai varias pezas onde “Mini” usa gheada aspirada, ás veces tamén unha voz feminina, pero non outros membros do grupo, como ocorre en “Pandeiretada” (*grau, agora* [h] de “Mini”; *gordo, delgadoño* [h] dunha das voces femininas, pero *agora, emigrar, grandes* sen gheada doutras voces). No “Cantar de cego II”, adaptación dun texto do Tío Marcos da Portela “Mini” recita en todo o poema con gheada aspirada, ó igual que xa antes o fixera no “Romance de Rufina” de *O tequeletequele* (Philips 1977) e que volverá a facer, tamén con aspiración, nas composicións no “Romance I”, no romance “Xan Guindán”, na pandeirada “Ruada de Chamosa” e no “Valse do medio”, do disco *Os tempos inda non, non son chegados* (Avalón Discos 1986) xa formando parte do grupo A Quenlla. Na “Foliada de Aleixo” de *Qwen soubera cantar* (Ruada 1981) con Fuxan os Ventos “Mini” canta a primeira estrofa con gheada nos tres exemplos (*gana, diga, barriga* [h]), pero nas seguintes estrofas os outros membros do grupo non a usan.

E o mesmo en moitas das pezas de *Európolis 88* (1988), tamén de A Quenlla, unhas veces con realización aspirada, como na pandeirada “Mercado común” (*negra, goberno, Galicia, ninguén*) ou en “Manuel do Campo” (*Igrexa*), cantar onde practicamente todo o grupo usa a gheada; outras veces “Mini” usa a gheada non aspirada, como ocorre no “Canto de sega” (*ganando, Santiago, galegos* con [x]), e mesmo as dúas realizacións como en “Palmira” (*perendengues* [h] e *trangallo* [x]). Nesta ademais, usa seseo en *rapace* /s/, para que rime con *atrase*. Neste caso manexei a gravación en casete, que non contiña letras dos cantares.

en temas tradicionais e populares, predominando a realización non aspirada, como ocorre en “Vámonos” (*galo, gusto, galiñas e engaiola*-las pitas con [x], *agora* con [h]), nos “Alalás” (*pague* [h] pero *obligación* sen gheada) e no “Romance de Atrolinda”, onde “Mini” usa as dúas realizacións (*ergueuse, lágrimas* [x] e *agonía* [h]), mentres a voz feminina non ten gheada. E no irónico “Avec moito love” hai algunha forma con gheada e seseo (“vai soplala *luz* /s/ Cagli, *agáchate* [x] ben”). En “A danza do Manuel” o coro usa seseo apical en *rapase*, que rima con *vase* (no texto *rapaz* e *vas*).

No CD *A casa que nunca tivemos* (2001 Producciones 1996) os diversos membros de A Quenlla usan gheada nas coplas de “As leiteiras de Elviña”. Así, Mini na copla 3ª en *agora* e na 7ª en *galos, galiña* con [x] e na copla 13ª en *gasta[r]* e *fagan* con aspirada (e seseo en *ves*, marcado graficamente). É aspirada en coplas interpretadas polos outros membros, como ocorre na 4ª (*algunhas, ganan, chegan* [h]). En “Pousa sobre do valado” a gheada é practicamente xeral por parte do grupo, marcándose con <gh> tanto a gheada aspirada maioritaria (*mighiña, paghalo*) como algún caso de [x] (*dighas* na copla 12ª, *ghia* na 14ª ou *acougho* na 15ª). Na copla 10ª hai gheada [h] en *alegría* e mesmo en *ningún*, aínda que o grafema do texto é <g> .

Baldomero Iglesias, outra voz masculina da Quenlla, usa gheada en “A galiña faladora” (*galiña, galo* [x] pero *alegría, digan*), e o mesmo *moxegas* [x] da “Cántiga do meu muiño”.

## 5. REMATE

No proceso de restauración social levado a cabo nos últimos 30 anos un dos feitos máis salientables foi a diminución do prexuízo sociolóxico que identificaba o castelán coa elegancia e co poder e o galego coa pobreza e co ruralismo. Así e todo, estas cualificacións negativas continúan aplicándose, de entrada, a quen fala galego con seseo e, sobre todo, a quen ousa facer uso da gheada.

Hoxe pode falarse da existencia en Galicia dunha situación macrodiglósica semellante a algunhas das analizadas por Trumper no norte de Italia, con dúas linguas (alta e media) e unha terceira “lingua”, que en realidade é un conxunto de variedades orais da lingua media. O castelán, mesmo con toda clase de galeguismos, é lingua alta que ten todo o prestixio. O galego estándar, sen gheada e sen seseo, con entoación “neutra” (isto é, o máis afastada posible do “galego da aldea”) e con tendencia ó uso de cinco fonemas vocálicos (e coa conxunción *i* anteconsonántica), é a lingua media, que aínda non ten en Galicia o prestixio do castelán, pero si o ten verbo das variedades orais, con gheada e con seseo e con entoación inequivocamente galega.

Para moitos galegofalantes urbanos, e de xeito especial para moitos que tiveron o castelán como lingua inicial, estes trazos poida que sexan galegos de máis, mesmo ru-

rais, polo que cómpre fuxir dese “galego da aldea” porque simboliza o atraso<sup>59</sup>. Estas variedades son unha especie de lingua baixa, asociada á rudeza, á pobreza e á enxebreza, sen prestixio ningún. A eliminación total da gheada, que existe en holandés pero non en castelán –e dun xeito ou doutro o castelán constantemente actúa como referente–, e o emprego dunha entoación cada vez menos galega poida que sexa unha das peaxes a pagar para que o galego sexa admitido en moitos círculos urbanos onde antes estivo proscrito, aínda que sexa un galego en parte desnaturalizado.

Regueira (1994: 54-55) afirmaba que “a xeneralidade da poboación ten unha mellor consideración da pronuncia do /g/, e parece claro que un modelo exemplar de pronuncia ten que estar asentado no recoñecemento social. Algo semellante pode ser aplicado ó seseo”. Isto é certo, pero non é menos certo que a consideración social cara a unha lingua ou a fenómenos dunha lingua pode cambiar se diminúen os prexuízos. A consideración social sobre o propio galego cambiou, e moito, nos últimos anos. E creo que a consideración social sobre a gheada, especialmente na xente nova que é de onde pode vir un cambio de actitude cara a este fenómeno tan galego e tan diferencial, vai cambiando engordiño mercé ó uso público de que dela fan xente como os do movemento “bravú” na súa música, poetas novos como os do Batallón Literario da Costa da Morte nos seus recitais e outros non tan novos como Manolo Rivas tamén nos seus recitados... e por suposto os moitos músicos tradicionais que devolven unha “música con gheadas”, despois de recollela por todo o noso dominio lingüístico.

Recalde (1994: 363) sinalara no seu estudio sobre a gheada na xente nova que a presenza do fenómeno “descende sensiblemente cando o interlocutor non é un membro grupal nin, probablemente, da comunidade (o profesor), ou cando a situación sustenta un elevado grado de ritualización e institucionalización (unha exposición pública)”. A gheada na xente nova, segundo Recalde, funciona como marcador lingüístico, feito que se deduce da observación da tendencia “á diminución da presenza de **h** na medida en que o grao de formalidade da situación aumenta e a forte asociación entre a súa aparición e o núcleo familiar ou un grupo de amigos”. Por outra parte, nas enquisas de Kabatek (1996: 120) hai xente nova que considera que a gheada e o seseo son válidas para usar en certos momentos para marcar expresividade; por outra parte hai quen di usala familiarmente por autenticidade lingüística cara ó medio en que se usa e hai quen sendo criado nun ambiente urbano castelanfalante considera que o galego con eses dous fenómenos soa máis auténtico.

Sen dúbida ningunha a gheada asóciase con usos informais, para usar cos amigos e coa familia, e moitos asóciana co rural, especialmente a realización aspirada. Pola miña experiencia como profesor nesta Facultade de Filoloxía compostelá en que agora estamos, podo afirmar que nos últimos anos hai algúns estudantes que en usos totalmente formais e institucionalizados (exposición dun tema, intervención solicitando algunha

<sup>59</sup> Sobre o “pseudogalego” urbano cf. Regueira (1994), especialmente 38-40.

aclaración) usan un galego estándar con gheada e mesmo con seseo, uns de xeito sistemático e outros de xeito asistemático. Os profesores de Filoloxía, que eu saiba, non usan a gheada (nin o seseo) nas aulas, aínda que algúns –entre os que me inclúo– si o fan habitualmente fóra da formalidade da clase, actitude esta criticada na prensa por Alonso Montero (1994):

En Galicia, nun cento de ensino moi importante, varios profesores, algúns eminentes lingüistas, empregan sistematicamente a ‘geada’, en ocasións con certo orgullo, quizais de clase.

Debo aclarar que non o fan na aula pero si fóra dela, nos corredores e despachos, con alumnos e profesores (...)

Un idioma como o galego necesita que os seus profesores e os seus filólogos se esmeren na tarefa de configurar e consolidar un sociolecto culto, emitase este, nun centro de ensino, dentro ou fóra da cátedra. Habería que extremar esta actitude.

E o uso gheada polos alumnos rexístrase tamén nalgunha clase na Facultade de Ciencias de Información da USC, sen que a persoa sexa obxecto de risa por usaren a gheada (e o seseo). É xente comprometida coa causa do galego que procura unha lingua menos despersonalizado e máis auténtica, ou simplemente é un xeito de estar á contra, tan lícito como o que quere estar á contra empregando a terminación *-zón* ou usando grafemas propios hoxe da escrita portuguesa pero non habituais na do galego. O novidoso deste uso en xente nova é o emprego consciente tamén no grupo *-ng-* (*domingho*, *mangheira* en áreas de *domingo/dominco*), fenómeno a que xa fixen referencia en diversos apartados deste relatorio<sup>60</sup>.

Non sei cal pode ser no futuro o destino da gheada nin do seseo nin por suposto o da lingua galega. No caso da gheada, unha vez esgotada a estética “bravú” e a música cantada por grupos de pandeireteiras, poida que o seu destino sexa volver ó gueto das situacións informais familiares ou de grupo de amigos, á canción tradicional e ós nomes das embarcacións tradicionais<sup>61</sup>, mentres o galego con presenza social poida que sexa o “pseudogalego” urbano analizado por Regueira (1994).

For o que for, a gheada, fenómeno inequivocamente galego e no propio galego xerado, tivo os seus esporádicos breves momentos de presenza pública nos anos 90, mercé fundamentalmente a moi diferentes músicos galegos, cando nos anos 70 era un

<sup>60</sup> Entre outras exemplos, o *dominjo* nos textos das festa da dorna de Ribeira e o *injleses* dos eslogans do Albariño de Cambados ou en textos musicais os *fungueiros* ([ŋx] de Xurxo Souto no CD do 95 dos Diplomáticos, o *ninhén* nos 7 Luvas ou os varios rexistros de *linghua* de “Mini” de A Quenlla.

<sup>61</sup> En portos das Rías Baixas estanse a recuperar barcos tradicionais, e algúns deles teñen gheada no seu nome. É o caso do *Nova Jorita*, que pode verse desde hai uns anos no porto de Cambados, un antigo bote racú que leva o nome duns cons do mesmo porto (*As Ghoritas*, con [x]) ou a dorna de escarva *Julicheira*, tamén de Cambados; ou a *Jatiña* a dorna xeiteira da asociación “Amigos da Dorna” de Portonovo. E o feito do emprego da gheada nestes barcos non lles pasa desapercibido ós xornalistas, como se ve na reportaxe “Hijas de las viejas dornas” (*La Voz de Galicia*, 12.08.99, p. 45) sobre a botadura da *Jatiña*: “Hace un mes que cumplieron su sueño más anhelado: la botadura de la primera dorna *xeiteira*. Se trata de *A Jatiña* (con *j*, de la genuina gheada), nacida en los astilleros de Ribeira”. Algunha embarcación tradicional ten gheada e seseo na súa denominación, como ocorre coa *Jarvanisada* (gal. común ‘Galvanizada’), dorna de escarva de Ribeira.

fenómeno totalmente estigmatizado pola falsa crenza de que se debía a influxo castelán. Á gheada ben se lle podería aplicar este dito que se escoita na Illa da Arousa, sempre que non se tome o adxectivo ó pé da letra:

*Ghuapa, ghuapa non é ¡pero ten un pelaaaso...!*

### ADDENDA (FEBREIRO 2000)

O luns 11 de xaneiro de 1999 a TVG comezou a emisión da serie *Mareas vivas*, ficción localizada na vila mariñeira de Portozás, na Costa da Morte, e que practicamente cada luns de 1999 (en febreiro do 2000 seguía emitíndose) tivo moi altas porcentaxes de audiencia. Lingüísticamente o máis salientable é o feito de a maioría dos actores (o cacique, a alcaldesa, o crego, os mariñeiros e os veciños varios de calquera xeración) empregaren un galego estandarizado, con gheada e con seseo, e mesmo con algún outro trazo propio da área fisterrá, mentres que os personaxes que son de fóra de Portozás (o xuíz, a médico, o mestre...) empregan unha lingua coidada, pero sen esas características dialectais da Costa da Morte.

Fóra dalgún personaxe que si usa a fonética fisterrá, na serie *Mareas vivas* non se emprega a gheada aspirada nin o seseo predorsal propio da Costa da Morte, senón que o espectador escoita a gheada “urbana” con realización non aspirada (e con gheada mesmo no grupo *-ng-*, que non é propio da zona) e o seseo “urbano” con realización apicoalveolar (e non a lámino-alveolar maioritaria). É a gheada e o seseo “urbanos” que xeralmente usan os grupos pop que cantan en galego.

O responsable de popularizar na TV un galego coidado con rexistros onde hai gheada e seseo é ¡unha vez máis! o artista multimedia Antón Reixa, inspirador e director da serie. O mesmo innovador e rupturista Reixa que indo sempre ¡máis alá! en 1991 dirixira, tamén na TVG, o lembrado programa *Sitio distinto*; e precisamente nun dos “sitios distintos” dedicado a “falas raras”, Reixa descubriunos ós galegos que existía o “galego” de Estremadura cando entrevistou un camioneiro de Valverde do Fresno, da Serra de Gata na estrema con Portugal, que non falaba o portugués –que era o esperado– senón unha variedade galega algo “rara”.

Por outra parte, en 1998 e 1999, despois de que o FC Barcelona se inzase de xogadores holandeses do Ajax de Amsterdam, cando fan declaracións ás diferentes canles televisivas tanto o treinador tamén holandés Van Gaal (pronunciado con gheada [x] polos locutores de TV3-I e pola TVG, sen gheada na TVE) como diferentes xogadores, todos eles aínda aprendendo a falaren español, introducen gheadas da súa lingua holandesa no seu deficiente español; e de aí os *ghughar* (e formas conxugadas deste verbo) que un pode escoitalles. De xeito semellante facían os galegofalantes gheadófonos ó falaren castelán –castelán ben dramático con frecuencia– introducindo o son aspirado

propio da gheada que tiñan no seu galego, o que motivaba a risa dos mesmos galegos. Parece ser que na Arxentina se rían dos *jallejitos* por falaren castelán con gheada, pero dos supermillionarios holandeses do Ajax de Barcelona (Vázquez Montalbán *dixit*) ninguén se ri cando din que van *ghughar*.

## BIBLIOGRAFÍA

- Alonso Montero, Xesús (1969): *O que compre saber da lingua galega*. Buenos Aires: Alborada.
- Alonso Montero, Xesús (1994): “Profesores con ‘geadas’”, *Sociedad* nº 220, p. IV, de *La Voz de Galicia* (11.9.1994).
- Estévez, Xoán M. (1996): “Cantar en galego, un reto cara a normalidade”, en Carballa, Xan / Acuña, X. Enrique (coord.): *Cadernos A Nosa Terra de pensamento e cultura. Cancións para todos nós. Crónicas de 30 anos de música galega*, 26-30.
- Fernández Rei, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- González González, Manuel (1991): “Subsistemas de sibilantes do galego actual”, in Kremer, Dieter (ed.): *Acts du XVIII Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes (Université de Trier 1986)*, vol. 3, 531-548.
- Hermida, Carme (1996): “O modelo de lingua nos medios locais”. Manuscrito do relatorio presentado no *Congreso sobre medios locais* organizado pola Facultade de Ciencias da Información da USC (Santiago de Compostela, 1996).
- ILG-RAG [Instituto da Lingua Galega - Real Academia Galega] (1982): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Vigo (12ª ed. revisada 1995).
- Kabatek, Johannes (1996): *Die Sprecher als Linguisten. Interferenz und Sprachwandel im Galicischen der Gegenwart*. Tese de doutoramento. Eberhard-Karls-Universität Tübingen.
- Míguez Iglesias, Dolores (1996): “Seseo e gheada en Viceso (Brión)”, *Cadernos de lingua* 14, 39-57.
- Recalde Fernández, Montserrat (1994): “Geadas e situación”, *Verba* 21, 339-367.
- Recalde [Fernández], Montserrat (1995): “Unha aproximación ás actitudes e prexuízos cara á gheada (dos alumnos de 2º de BUP en catro centros galegos)”, *Cadernos de lingua* 12, 5-31.
- Regueira, X[osé] L[uis] (1994): “Modelos fonéticos e autenticidade lingüística”, *Cadernos de lingua* 10, 37-60.
- Schubarth, Dorothé /Santamarina, Antón (1983): *Cántigas populares*. Vigo: Galaxia. Biblioteca Básica da Cultura Galega.
- Schubarth, Dorothé /Santamarina, Antón (1984-95): *Cancioneiro Popular Galego*, 7 vols. A Coruña: Fundación “Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa”.